



Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 85. Febreiro 2013. Distribución gratuíta

Trinta e cinco comercios danse cita no Mercamelide de inverno

Os días 16 e 17 de febreiro o Pazo de Congresos e Exposicións da vila acollerá a XI edición da feira de saldos. Mercamelide volverá ser un gran escaparate de produtos de calidade a baixo prezo e tamén toda unha alternativa de ocio para a fin de semana. O evento fai unha aposta decidida este ano pola gastronomía e incorpora ademais varias novidades como a gravación dun videoclip ou o sorteo de 500 euros en metálico. P3



EMPRESA

Convenio de colaboración entre Asetem e R con vantaxes para os socios

COMARCA

O albergue de Toques será xestionado pola empresa privada P18

CULTURA

O Entroido chega á comarca cunha axenda repleta de actividades P25

ENTREVISTA



Rosa Barrio, Leiva Motosport
P23

A enchente do río Furelos causa danos na praia fluvial




O primeiro temporal do inverno provocou o desbordamento do río tras deixar precipitacións de 186 litros por metro cadrado en tan só catro días. P13

O Salón da Voda volve con propostas innovadoras



Asetem e o Concello de Melide atópanse inmersos na organización da segunda edición deste evento, que se celebrará na vila o vindeiro 17 de marzo. P3



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

- Medición de terreos
- Segregacións e agrupacións

- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Catastro

- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc.
- Imposto de sucesións

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: ingtec@teleline.es
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.000 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Unha lei a deshora

Non cabe dúbida de que o pequeno comercio vive un tempo de cambios. Impostos pola propia deriva económica e motivados tamén pola maquinaria lexislativa. Hai poucas semanas estreabamos un novo concepto de rebaixas que xa non atende a limitacións e agora vemos sobre a mesa do goberno autonómico un proxecto de reforma legal que amplía a liberdade de horario aos locais de ata 300 metros cadrados, incrementa en 18 as horas semanais que poderán abrir as grandes superficies e amplía de 8 a 10 o número de domingos e festivos autorizados para a apertura comercial.

Un paso máis na liberalización que é, para o pequeno e mediano comercio, un paso máis cara á desprotección. A regulamentación dos horarios é un elemento necesario para a ordenación do comercio e se cada vez se fai máis laxa, acontece que aumentan as desigualdades entre grandes e pequenos. Se as cadeas comerciais incrementan o total de tempo que se lles vai permitir, abrirían tres horas máis cada día. As súas estruturas e completos cadros de persoal permítenlle unha marxe de manobra impensable para o comercio tradicional, que xa coa auga ao pescozo ser vería na obriga de mobilizar máis



recursos (empregados) se quere competir en igualdade de condicións. Xa que logo, a harmoniosa palabra liberdade converteríase nunha obriga para o pequeno comercio que non compensaría nin polo custo de persoal nin polas vendas. Porque abrir máis horas non significa vender máis e porque a caída do 6,8% nas vendas en 2012 non se debe a un problema de horarios senón á situación económica dos fogares.

A reforma da Lei de Horarios Comerciais de Galicia nace moi limitada pola normativa estatal e non atende na medida en que debería ás peculiaridades do tecido comercial galego nin á importancia que os pequenos establecementos teñen no noso PIB.

Non é suficiente con coller o camiño menos malo dentro do que marca a lexislación do estado, senón que cumpriría facer un mellor uso das competencias exclusivas en materia de comercio interior para adaptarse á realidade existente. Esa realidade que parece descoñecerse cando se está a seguir o xogo das grandes superficies pero se presenta a reforma da lei como un instrumento para "consolidar os cascos de vilas e cidades" e ofrecer "máis posibilidades de organizarse".

Un simple e tranquilo paseo polos cascos desas vilas e cidades, coas súas dúcias de comercios pechados e carteis de "se vende - se alquila", abundaría para saber que algo se está facendo mal.

Tribuna de opinión

Política de subvencións

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



A crise pasou como unha api-soadora por enriba do sector xornalístico, facendo desaparecer centos de medios informativos e esmagando a pluralidade. Os que quedan tratan de resistir coa auga ao pescozo e nesa loita está tamén Cerne, o periódico do empresariado melidense, cuxa supervivencia ten triple mérito por tratarse dun xornal local, mensual e escrito en galego.

A loita este ano será máis dura, pois a Deputación da Coruña denegou a subvención solicitada por Asetem, entidade que soporta o xornal. Á xunta directiva da asociación foille comunicada a negativa pero non os motivos que a xustifican, malia intentar coñecelos en repetidas ocasións e a través de diferentes vías,

incluídas o concello.

Quen decide e quen participa das decisións, non explica. Ante iso, e se de subvencións falamos, non poden máis ca vírsenos á mente palabras como arbitrariedade, discrecionalidade, malestar coa liña editorial, prexuízos sobre a mesma... palabras que non reflicten certezas, senón simples suposicións que xorden mentres seguimos agardando pola resposta e vemos nacer novos medios de carácter comarcal fornecidos con cartos públicos.

E ao final o conto é o mesmo de sempre: apandamos cos recortes como medicina necesaria ata que nos decatamos de que a tesoura nuns lados acaroa canto pode e noutros pasa lixeira polo aire.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓN: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros 'Río Furelos' de Melide, Rafael Rodríguez Gaioso

AGRADECIMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	13
-COMARCA.....	18
-CULTURA E LECER.....	25
-COLABORACIÓN.....	30
-ENTREVISTA.....	31

Mercamelide aposta forte pola calidade, o ocio e a gastronomía

35 expositores daranse cita os días 16 e 17 de febreiro na feira de saldos melidá

Os próximos días 16 e 17 de febreiro o Pazo de Exposicións e Congresos de Melide acollerá a XI edición da feira de saldos do comercio local: Mercamelide. En horario ininterrompido de 11 da mañá a 8 da tarde, os clientes poderán atopar unha gran variedade de artigos a prezos reducidos. Roupas, calzado, lencería, menaxe, mobles, decoración, complementos, electrodomésticos, xoguetes ou utensilios de xardinería serán parte da oferta dos 35 establecementos que participan nesta edición, cinco máis ca na cita anterior.

Mercamelide Style

Como xa vén sendo tradición, o Mercamelide complementase con actividades paralelas e incorpora novidades ano tras ano. Se na anterior edición de inverno a máis destacada foi a presenza da máquina filloeira de Lestedo, este ano será a gravación dun videoclip ao máis puro Gangnam Style. O showman local Toñito Furelos, acompañado dun corpo de baile, fará unha versión deste éxito musical coreano no que haberá espazo para a participación do público e dos comerciantes. O videoclip do Mercamelide



En Mercamelide pódese atopar calidade a prezos hiperreducidos

Style gravarase o domingo e será colgado nas redes sociais e en You Tube para promocionar a feira.

O Pazo de Congresos converterase tamén nun espazo de ocio con inchables e un circuito de coches eléctricos para os máis cativos. Os adultos disporán dun servizo de bar e cafetería. Ademais, segundo explicou o concelleiro de Promoción Económica, Santos López, o Mercamelide de inverno apostará pola gastronomía e contará cunha área reservada para restaurante onde o domingo se servirá cocido a un prezo de 18 euros.

Sorteo de 500 euros

Á marxe das compras e da diversión, unha visita ao Mercamelide pode ser tamén unha boa oportunidade para facerse cun premio en metálico de 500 euros. Será sorteado o domingo entre todos os clientes que realicen como mínimo

tres compras en tres stands diferentes. Ao longo dos dous días de duración da feira tamén se sortearán varias cestas con produtos de alimentación.

Marca de calidade

Tanto os representantes do concello como da asociación de empresarios da vila coinciden á hora de destacar a importancia do Mercamelide como elemento dinamizador do comercio local. A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, sinala que se trata dunha feira única e diferente “porque hai produto de calidade e atención personalizada”. Nunha liña semallante, a presidenta de Asetem, Sonia Valiño, explica que iniciativas consolidadas coma esta “axudan a crear unha marca de comercio melidense” e móstrase confiada en que o evento “axudará a completar unha boa tempada de rebaixas e a compensar as malas vendas do Nadal”.

A segunda edición do Salón da Voda celebrarase en Melide o día 17 de marzo



Persoas chegadas de toda Galicia visitaron o salón en 2012

O Concello de Melide e a asociación de empresarios da vila (Asetem-Cca) xa están mans á obra na organización da que será a segunda edición do Salón da Voda de Melide, que se vai celebrar o vindeiro 17 de marzo no Pazo de Exposicións e Congresos.

A crise económica non foi quen de poñer freo a unha iniciativa que chega avalada polo éxito acadado en 2012 e pola demanda das empresas e negocios do sector, que nos últimos meses manifestaron o seu interese por participar de novo no evento. A organización decidiu adiantar a cita ao mes de marzo (en 2012 celebrouse en abril) para responder mellor ao calendario de organización dunha voda e ás necesidades do cliente. A intención é seguir adiantando a data en edicións posteriores ata fixala en principio de ano, a época idónea para un evento destas características.

A día de hoxe, co prazo de inscrición aínda aberto, o número de empresas participantes xa supera ao da edición anterior e probablemente haxa que limitar a afluencia por cuestións de organización e de espazo. O conxunto de expositores amosarán unha oferta do máis completa na que non faltará roupa para noivos e invitados, xoias, coches antigos, grupos musicais, hoteis e restaurantes, fotografía, florerías, axencias de viaxes ou establecementos de repostería.

Como novidade, o Salón da Voda de Melide incluírá este ano un desfile de moda no que se pasarán vestidos de noiva, noivo, madriña e nenos. O evento dispón da súa propia páxina web (www.salondevoda.com) onde en datas próximas se comezarán a desvelar o resto de novidades do evento así como as variadas propostas dos empresarios e comerciantes que participan.

SEGUROS BILBAO

Grupo **CATALANA OCCIDENTE**

Rodrigo Fernández Pombo
Agente de seguros exclusivo
Nº de Reg. Mediador.: COO2636154917K

C/ Ronda de Pontevedra
Nº 113 Bajo - 15800 Melide
Tlf/ Fax: 981506495
Móvil: 678055942
rodrigofernandez@segurosbilbao.com



mercaamelide

Ekate

Cantón de San Roque, 11- MELIDE

TRISCOS
Moda Xoven

**MELIDE MONTERROSO
BETANZOS ARTEIXO**
C/ San Pedro, 20 - MELIDE / Telf: 981 50 70 11

Alfonso
Modas

Tel. 981 50 54 58 - Rúa Mateo Segade Bugueiro, 13
15800 MELIDE (A Coruña)

Calzados
Broz

Ronda da Coruña, 24 981 50 51 60
Camiño de Ovedo, 13 MELIDE

Zapatería Tanuska

Tel.: 981 505 793
Cantón de San Roque, 14 bajo
15800 - MELIDE (A Coruña)

Casa das Luces
Moda infantil
Comunión
Todo para o bebé

Rúa Alexandre Boveda, 11 Bercos, Coches, Sillas Auto
Melide Telf. 981 505 111 Sistemas de seguridade

el baul de la Piquer

MIS MEJORES LABORES
Avda. América, 3 MELIDE

MIS MEJORES LABORES
MERCERÍA E COMPLEMENTOS

Sisuka

C/ Taboada Roca, 4
Tfn.: 881 97 58 62

calitex
paquetería - tejidos
cortinas

Tfno.: 981 50 51 54
Rúa Galicia, 4 bajo - 15800 MELIDE

Tfno.: 982 37 78 10
C/ Benigno Vázquez, 21 - MONTERROSO

MARVI
MERCERÍA

Tfno: 981 50 71 94 15800 MELIDE
Rúa do Convento, 16 (A Coruña)

ELECTROSAN

* Venta de electrodomésticos
* Colchones al por mayor y detalle

C/ Manzanera, 11 bajo Tfn. 981 50 115
15800 MELIDE (A Coruña) mercerian@gmail.com

El Jandolero
MODA HOMBRE - NIÑOS

Mercedes Abad León

Tfno./ Fax: 981 50 63 70
Móvil: 610 75 78 84
Rúa do Convento, 15
15800 MELIDE (A Coruña)

Tu Boutik

Ronda de Pontevedra, 61
15800 Melide
(A Coruña)
Telf. 881 956 394
tuboutik@hotmail.com

MODAS
Marocha

ASARELA

Alexandre Bóveda, 10 MELIDE
Tlfs: 981 50 59 08 / 600 666 427

Serra do Castro
Producción Tradicional

Rambla de San Pablo, 72 B
15800 MELIDE (A Coruña)

Teléfono:
636 586 324

Pilar Costoya Vázquez

CERNE

O xornal da Terra de Melide

ASETEM

16 E 17 DE FEBREIRO,
DE 11:00 A 20:00 HORAS
-PAZO DE CONGRESOS-

A Xunta amplía a liberdade de horarios aos locais comerciais de ata 300 metros cadrados

Xa son máis os establecementos galegos que teñen plena capacidade de decisión á hora de establecer os seus horarios de apertura. A Xunta de Galicia vén de aumentar de 150 a 300 metros cadrados a superficie mínima para que un comercio poida acollerse á liberdade horaria. É unha das novidades recollidas na modificación da Lei de Horarios Comerciais que aprobará o goberno galego para adaptar o ordenamento xurídico da comunidade á normativa estatal.

O novo texto recolle tamén cambios con respecto ás grandes superficies, que poderán abrir un máximo de 90 horas á semana (fronte ás 72 que se viñan aplicando ata agora). Ademais ampliaranse de 8 a 10 o número de domingos e festivos autorizados para a apertura comercial. Neste caso o executivo galego decantouse polo mínimo legal establecido, pois a normativa do Estado obriga a escoller nun rango de



10 a 16 días. A modificación da lei introducirá ademais novidades no referido ás sancións aplicables ao pequeno e mediano comercio, de xeito que as faltas leves pasan de estar penadas con 60.000 euros a ser castigadas con multas de só 1.500. O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, destacou que estes cambios se introduciron “para prexudicar o menos posible ao pequeno comercio”. Pola contra, as sancións moi graves, “que son as que mais poden cometer as

grandes superficies”, aumentarán ata o millón de euros.

O xefe do goberno autonómico defendeu a nova norma como un instrumento para alcanzar “o equilibrio” entre o pequeno comercio e as grandes superficies. Ao mesmo tempo destacou que máis liberdade horaria significa “mais posibilidades para vender e organizarse” e asegurou que os cambios “benefician á maior parte dos traballadores do sector e a consolidación dos cascos de vilas e cidades”.

“Non beneficia a ningún”

A Federación Galega de Comercio (FGC) amosou o seu total desacordo coas palabras de Feijóo e criticou con dureza a liberalización do sector, tanto no referido ás rebaixas como aos horarios comerciais. O seu presidente, José María Seijas, asegurou que a nova norma “non beneficia a ningún, nin a vendedores nin a consumidores” e mantén que só contribuirá a agravar máis a crítica situación que vive o sector en Galicia.

Para a FGC o principal problema do pequeno comercio é que non ten marxe de beneficio para aumentar o número de horas e os días de apertura, de xeito que a medida podería supoñer para os establecementos un aumento dos gastos máis ca unha posibilidade para lograr máis ingresos. Como alternativa, propón aplicar rebaixas fiscais, taxas municipais, liñas de axudas e flexibilizar o crédito.

Jim Sports busca novos mercados na feira ISPO de Múnic

A empresa melidense Jim Sports foi a única firma galega con presenza na feira ISPO de Múnic, un dos eventos internacionais máis importantes no que á industria deportiva se refire e no que participaron 2.344 expositores de 51 países diferentes. Jim Sports acudiu por quinto ano consecutivo cun stand propio que visitaron preto dun cento de profesionais e comerciais do sector. A firma aproveitou a ocasión para presentar o novo catálogo de roupa e calzado deportivo, un sector no que se embarcou o ano pasado. Coa intención de continuar a súa expansión internacional, tamén aproveitou a ocasión para abrir novos mercados. Na actualidade Jim Sports está presente en 30 países. Na feira ISPO recibiu a visita doutros nove onde aínda non está implantada.



AS MELLORES REBAIXAS
Descontos de ata o 50%



Síguenos en **facebook**



a peza que precisa a súa empresa

laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña
TF: 881 973307 Fax: 881 975314
info@ccxestion.com
www.ccxestion.com

Novidades laborais e fiscais

1. SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL PARA O ANO 2013 (SMI) (BOE nº 314, do 31 de decembro 2012)

O SMI para agricultura, industria ou servizos, queda fixado en 21,51 €/día; 645,30 €/mes ou 9.034,20 €/ano. No SMI compútase unicamente a retribución en diñeiro, sen que o salario en especie poida dar lugar á minoración da contía íntegra en diñeiro daquel.

Outras contías:

- Traballadores eventuais ou temporeiros: 30,57 €/xornada

- Empregados de fogar en réxime externo: 5,05 €/hora efectivamente traballada.

2. LEI 17/2012 PRESUPOSTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2013 (BOE nº 312, do 28 de decembro 2012)

O **interese legal do diñeiro** queda fixado para 2013 no 4%. Do mesmo xeito, o interese de demora xudicial e tributaria será dun 5%. O IPREM terá as seguintes contías para 2013: 17,75 €/diario; 532,51 €/mensual; e 6.390,13 €/anual.

Nos suposto de que a referencia ó Salario Mínimo Interprofesional anual fora substituído polo **IPREM**, a contía anual será de 7.455,14 euros; salvo que expresamente excluírán as pagas extraordinarias. Neste caso, a contía será de 6.390,13 euros.

> Particularidades de cotización no Réxime Especial de Traballadores Autónomos 2013

A base mínima de cotización será de 858,60

€/mes e a base máxima será de 3.425,70.

Para autónomos que a 01/01/2013 teñan menos de 47 anos ou ben, que nesa data, teñan 47 anos e que a súa base de cotización en decembro 2012 fose igual ou superior a 1.870,50 €; a base de cotización será a elixida por eles entre as bases de cotización mencionadas no apartado anterior.

Para os autónomos que a 01/01/2013 teñan 47 anos e que a súa base de cotización fose inferior a 1.870,50 €/mes en decembro de 2012, a base máxima de cotización será de 1.888,80; salvo que soliciten base de contía superior antes do 30/06/2013 (con efectos do 01/07/2013) ou para cónxuxes supérstite.

A base de cotización para autónomos que a 01/01/2013 tiveran 48 ou máis anos estará comprendida entre 925,80 e 1.880,80 €/mes. Sen embargo, autónomos que con anterioridade ós 50 anos cotizaran en calquera réxime da Seguridade Social durante 5 ou máis anos, rexeranse polas seguintes regras:

a) Se a última base de cotización acreditada fose igual ou inferior a 1.870,50 €/mes, poderán elixir unha base comprendida entre 858,60 ou 1.880,80 €/mes.

b) Se a última base de cotización acreditada fose superior a 1.870,50 €/mes, cotizarán por unha base comprendida entre 858,60 €/mes e o importe da última base acreditada incrementada nun 1%, podendo optar, en caso de non alcanzarse, unha base ata 1.888,80 €/mes.

> Sistema Especial de Empregados do Fogar

Durante o 2013 aplicarase unha redución do

20% na cotización empresarial. Poderanse beneficiar os empregadores que contratasen un empregado de fogar a partir do 1 de xaneiro de 2012, sempre e cando o empregado non estivese de alta a tempo completo polo mesmo empregador entre o 2 de agosto e o 31 de decembro de 2011. Esta redución ampliarase con unha bonificación ata chegar ao 45% para familias numerosas.

3. LEI 16/2012 POLA QUE SE ADOPTAN DIVERSAS MEDIDAS TRIBUTARIAS DIRIXIDAS Á CONSOLIDACIÓN DAS FINANZAS PÚBLICAS E AO IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA.

(BOE nº 312, do 28 de decembro de 2012)

a) Con efectos 1 de xaneiro de 2013 suprímese a **dedución no IRPF** por inversión en **vivenda habitual** así como cantidades depositadas en contas vivenda a partir da mesma data.

Sen embargo, poderase seguir practicando a dedución nos seguintes casos:

-Contribuíntes que adquirisen a vivenda ou satisfixeran cantidades para a súa construción con anterioridade a data sinalada.

-Contribuíntes que satisfagan cantidades por obras de rehabilitación ou ampliación da vivenda habitual con anterioridade a 1 de xaneiro de 2013, sempre que as citadas obras estean rematadas antes do 1 de Xaneiro de 2017.

-Contribuíntes que teñan satisfeito cantidades para a realización de obras e instalación de adecuación da vivenda habitual das persoas con discapacidades con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013 sempre que as citadas obras ou instalación estean rematadas antes do 1 de Xaneiro de 2017.

Para poder aplicar estas excepcións esíxese que a dedución se veña aplicando no exercicio 2012 ou en anos anteriores, salvo que non se puidese aplicar por non ter superado o importe exento por reinversión das bases efectivas de dedución de vivendas anteriores. Nas contas vivenda non se perden as deducións practicadas sempre e cando se cumpran todos requisitos vixentes no momento que se aplicou a dedución. Pódese optar por regularizar as deducións das contas vivenda na declaración do 2012 sen intereses de demora.

b) Con efectos 1 de Xaneiro de 2013 poderase deducir as perdas no xogo con límite das ganancias obtidas.

c) Con efectos 1 de xaneiro de 2013 crease o **Gravame Especial sobre os premios** de determinadas loterías e apostas (Loterías e apostas do Estado, das CCAA, da Cruz Vermella, a ONCE e as análogas europeas).

-Estarán exentos de tributar os primeiros 2.500€ de premio (ou parte proporcional se a aposta é inferior a 0.50€).

-O tipo de gravame é do 20%.

-O contribuínte non terá que autoliquidar este Gravame, xa que se practicará retención no momento de cobrar o premios. Só será necesario presentar unha declaración independente da do IRPF no caso de premios ganados sen retención (p. ex. Premios ganados en Francia).

d) Prorrogase para o 2013 a redución do 20% o rendemento neto por creación ou mantemento de emprego no IRPF.

e) Prorrogase para o 2013 os beneficios fiscais no IRPF por gastos e inversións en novas tecnoloxías.

f) Prorrogase a vixencia do tipo de gravame reducido por mantemento ou creación de emprego para o exercicio 2013.



ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

23 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca.

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com

Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)



DIRECTORIO DE EMPRESA E COMERCIO

ASESORÍAS

CC Xestión

Florentino Cuevillas, 2
881 97 33 07
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678 05 59 42

BANCA

Banesto

Rda. da Coruña, 16
981 50 79 78
Caixanova
Alexandre Bóveda, 7
981 50 73 00

CANTEIRAS

Canteras Rechinol

Arenal, 64 entrp. Izq,
Lalín
981 50 55 04
Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981 50 55 76

CARPINTERÍA

Blangar

Ctra. Lugo km 46,
Melide
981 50 54 18
Carpintería Laya
Rua Palas de Rei, 8
981 50 52 83
Eypar, S.A.
Madanela
981 50 72 03
Maderas
Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608 58 74 47

COMERCIO

Aceiteiro

Rda. da Coruña, 34
981 50 50 13
Área de Servicio
O Rañao
O Rañao s/n, Melide
981 50 64 73
Autorecambios
Ángel
Avda. de Lugo, 4
981 50 52 51
Berencello
Rúa do Convento, 2
661 81 59 76
Bodejas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981 50 50 04
Calitex
Galicia, 4
981 50 51 54
Calzados Broz
Camiño de Ovedo, 13
981 50 51 60
Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
981 50 59 16

Casa Juanito

Mateo S. Bugueiro, 39
981 50 51 03
Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981 50 53 96
Centro Comercial
Ares
Rda. da Coruña, 27
981 50 50 53
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981 50 74 21
Cooperativa
Melisanto
Agüeros, s/n, Melide
981 50 60 26
Cousas Novas
Rúa do convento, 30
981 50 74 74
Cristalería González
Agüeiros, 44
981 50 70 16
Deportes López
Avda da Habana, 5
981 50 54 25
Distribuciones
Mella
Xoán XXIII
981 50 60 68
Distribucións
O Carrizo
Avda. de Lugo, 83
615 36 00 89
Ekaté
Cantón de San Roque,11
881 97 74 17
Estanco Angarela
Progreso, 9
981 50 60 96
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981 50 59 00
Electrotel 2000
Florentino Cuevillas, 18
981 50 71 71
El Baúl de la Piquer
Rúa Progreso, 1
981 50 70 65
El mundo del pintor
Avda. Lugo, 43
981 50 90 77
Escayolas Sito
Rda. Pontevedra, 75
981 50 59 51
Espomasa
Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques
981 50 59 71
Establecimientos
El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981 50 50 89
Estación de Servicio
Corredoiras
Corredoiras, 14,
Boimorto
981 51 60 04
Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670 29 29 17
Expert-Melide
Rda. da Coruña, 32
981 50 78 55
Floristería Chelo
Alhóndiga, s/n
981 50 58 76
Floristería Maru
Convento, 9
981 50 75 80

Floristería Tarrío

Amador Rguez, 7
981 50 61 64
Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600 44 80 92
Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981 50 50 47
H2O
Alexandre Bóveda, 10
981 50 75 78
Imaxina
Florentino Cuevillas, 4
881 95 70 87
Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981 50 62 56
Iris Melide
Emilia Pardo Bazán, 11
981 50 78 06
Jim Sports
Technology
Madanela S/N
981 50 64 34
José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981 50 53 35
Joyería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981 50 54 68
Joyería Silvela
Rda. da Coruña,40
981 50 59 97
Lácteos Terra de
Melide
Orois, Melide
981 80 80 09
Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981 50 73 34
Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981 50 57 75
Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981 50 50 55
M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981 94 24 15
Marvi
Rúa do Convento, 16
981 50 71 94
Melimática
Otero Pedrayo, 6
981 50 78 81
Mis mejores labores
Avda. América, 3
657 43 56 99
Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981 50 55 64
Modas Alfonso
Mateo Segade, 13
981 50 54 58
Modas El Dándolo
Convento, 15
981 50 63 70
Modas Manuel
Rda. da Coruña, 68
981 50 73 77
Muebles Paula
Crta. Lugo, km 46,
981 50 57 34
Muxica Tenda
Xoven
Rúa do Convento, 36
981 50 63 66

Óptica Abal

Rda. da Coruña, 20
981 50 60 97
Óptica Melide
Rúa do Convento, 17
981 50 54 67
Ortopedia Ortosaúde
Rda. Pontevedra, 16
981 50 78 74
Panadería e
Pastelería Toques
Avda. de Lugo, 31
981 50 51 81
Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981 50 76 84
Pescados Abel
Camiño de Ovedo, 16
609 82 30 79
Pescados e
Mariscos Manolo
Rosaleda, 10
629 81 20 29
Pinturas Mejuto
Vimianzo, Santiso
981 19 34 94
Q me compro
Alexandre Bóveda, 16
981 50 51 49
Ramón Cabado
Avda. Toques, 30
981 50 51 37
Ramón Pampín
Bango
Rda. de Pontevedra,105
981 50 75 26
Ribeirao
Convento, 12
981 50 50 18
Silvia Novias
Rda. de Pontevedra,48
981 50 71 74
Sisuka Moda
Taboada Roca, 1
881 97 58 62
Suministros
Industriales Cire
Pol. Ind . A Madanela,
parc. 22
981 50 79 54
Súper Vilasoa
Xesús Bal Gay, 6
627 24 00 11
Supermercados
García
Rda. da Coruña, 14
981 81 54 00
Supermercados
Gómez
Amador Rodríguez, 3
981 50 70 27
Tu Boutik
Rda. de Pontevedra, 61
881 956 394
Tendas Valú
Praza, 11
981 78 76 78
Sobrado dos Monxes
Xebre
Rúa de San Pedro, 16
981 50 57 23
Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981 50 54 31
Zapatería Lúa Nova
Rosaleda, 5
981 50 90 54
Zapatería Tanuska
Cantón de S. Roque,14
981 50 57 93

CONSTRUCCIÓN

Barreiro Lodeiro, J.

Baltar, Melide
981 51 53 86
Calefacciones Rois
Alcalde Jesús Fuciños
Buján, baixo
981 80 44 04
Cervisa Sistemas
Metálicos
Pol. Ind. A Madanela,
981 50 71 76
Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981 50 77 29
Const. Leonardo
Miguélez
Santa María, Melide
981 50 52 73
Const. Martínez
Cordido
Dr. Fleming, 1
981 50 60 51
Const. Pichel Hnos.
Avda. Estación, 2, Lalín
986 78 07 59
Costoya Varela, J.
Rda.Pontevedra,51 1º Iz.
981 50 70 89
Cubiertas
Hermanos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco
988 33 52 94
Excavaciones
Paradela
Ribeiro,s/n
Os Ánxeles, Melide
981 50 55 92
Hijos de Casal
Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981 50 53 10
Hormigones Carral
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981 50 50 25
Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30
981 17 36 16
Marmolería
La Viña
C/ Lugo s/n, Arzúa
981 50 04 51
Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso
981 50 55 18
Química Industrial
Proquintas
Pol. Ind. A Madanela
981 50 53 00
Revestimientos
Rifer
Avda. de Lalín, 26
981 50 71 16

HOSTALERÍA

A Boa Viña

Praza da Herba, 10
Bodega Curros
Rda. de Pontevedra,18
981 50 59 68
Café Chaplin
Cantón de S. Roque,17
981 50 53 55

Cafetería A Fábrica do Camiño

Cantón de San Roque, 1
Cafetería Arraigos
Cantón de San Roque, 9
Cafetería Stop
Rúa da Catedral, 1
Esquina San Antonio
Casa Quinzán
Rúa do Convento, 7
981 50 53 25
Cervexería Godiva
Ichoas, 7
Espectáculos
Ángel Seoane
Avda. da Habana, 15
981 50 53 28
Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981 50 76 33
Novo Continente
Luis Seoane, 8
981 50 61 82
O sapo Lambón
Taboada Roca
881 95 98 49
Parillada O Carbuvo
Villamor, Toques
981 50 49 07
Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981 50 60 76
Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
986 68 25 45
Pizzería Xoldra
Avda. de Lugo, 25
981 50 79 06
Pulpería Alongos
Avda. de Lugo, 22
981 50 75 10
Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981 50 52 91
Pulpería Mosquera
Avda. de Lugo, 85
981 50 55 87

SERVIZOS

Fisio-Vida

Florentino Cuevillas,16
981 50 70 47
Clínica Dental Ana
Marcos Cardo
Rda. da Coruña, 31-1º B
981 50 57 05
Hardgalicia - “R”
Rúa do Convento, 4
693 77 88 66
Peluquería
Gómez Andón
Álvarez Carballido, 1
981 50 75 39
Perruquería
Santín & Amo
Cantón de S. Roque, 9
Entrechán
650 43 63 75
Ruraltec Sistemas
Martagona, 11
981 81 54 42
Skala Peluqueros
Almirante Brown,19-21
981 50 59 03
Tecnamelide
A Madanela, parc. 80
981 50 63 88

Intermax Technology

Alexandre Bóveda, 5
902 908 737
Servinet
Rúa Progreso, 36
615 92 96 47

TALLERES

Motor Melide

Pol. Ind. A Madanela
981 50 70 31
Talleres Bertocar
Furelos, Melide
981 50 56 12
Talleres Leiva
Madanela, Melide
981 50 52 11
Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981 50 59 99

SOCIO COLABORADOR

Mª Carmen Carreira Simón

Rda. da Coruña, 50 - 1º
981 50 52 80

TRANSPORTES

Cabado Rguez, J.R.

Pezobrés s/n, Santiso
981 51 77 89
Gasogal S.L.
Emilio Campoamor, 2
981 50 60 29
Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981 51 58 18

ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA

Javier López López

Rúa Xosé Ramón Fdez.
Castro, 6
981 50 54 82

Asetem fai entrega dos premios de Nadal

Todo pastel que se prece ten que ter a súa guinda. Para poñer o broche de ouro á campaña de Nadal, a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Astem-Cca) fixo entrega o pasado 5 de febreiro dos premios sorteados entre os consumidores. Clientes agraciados e comerciantes participaron nun acto que por segundo ano consecutivo se celebrou no local que Ezequiel Eventos puxo xentilmente a disposición da patronal.

A presidenta de Asetem, Sonia Valiño, e o concelleiro de Promoción Económica e Comercio, Santos López, actuaron de anfitrións dunha velada na que se comezou entregando os premios de menor contía (100 euros) para rematar co primeiro premio, dotado con 2.000 euros.

Os caprichos da fortuna

Á alegría lóxica dos afortunados sumouse a ilusión de varios comerciantes que tiveron a sorte de repartir por pri-

meira vez un dos premios da campaña. Outros, máis curti-dos neste labor, afrontaban o momento coa experiencia que outorga entregar premios ano tras ano. Tal foi o caso dos representantes de Librería Cousas, que nesta edición repartiron o primeiro e o segundo galardón. É dicir, un total de 3.000 euros saíron das rifas que eles entregaron. Os 2.000 do premio gordo foron parar ás mans de Manuel Bernárdez López, veciño do concello de O Pino. O segundo premio, dotado con 1.000 euros, recaeu nos empregados da Cooperativa Melisanto.

Non é a primeira vez que Librería Cousas reparte sorte, pois xa o ano pasado entregou o primeiro premio. No lado dos clientes a fortuna tamén foi caprichosa e dúas veciñas de Melide, Gloria Vázquez e Carmen Corbelle, resultaron agraciadas con dous premios cada unha, un de 200 euros e outro de 100. Os clientes agraciados disporán agora ata o



Manuel Bernárdez recolle o premio de 2.000 euros de man de Ramón Vidal, de Librería Cousas

23 de febreiro para consumir os cartos en calquera dos establecementos que participaron na campaña de Nadal.

Trala entrega de premios

todos os asistentes puideron degustar uns petiscos servidos por xentileza de Ezequiel Eventos. Polbo, tortilla, canapés, queixo, marmelo e doces

típicos do Entroido encheron a mesa e os estómagos. Todo iso regado co bo viño que cedeu neste caso outro socio de Asetem-Cca: Bodegas Mejuto.

Comerciantes e premiados da campaña “Este Nadal Toca en Melide”



Membros da directiva de Asetem-Cca



Premiados e comerciantes celebraron a boa sorte



Gloria Vázquez e Pilar López / Óptica Melide



Mª Carmen Corbelle Vázquez e Librería Cousas



Carlos do Avenida e Sisuka Moda



M^o Dolores Val e Pilar López / Calzados Broz



Carmen Varela e Santín & Amo Perruqueiros



Alicia Fernández Murujosa e Bodegas Mejuto



Sita Miguélez e Librería Cousas



Matilde Sánchez Reboredo e Xoiería Roval



M^a Carmen Corbelle e Imprenta Meligraf



Gloria Vázquez e Muxica Tenda Xoven



Beatriz Ramos e Santos López / Lácteos T. Melide



M^a Jesús Mato Rey e Pilar López / Calitex



Carmen Liñeira e Santín & Amo Perruqueiros



Isabel Ramos López e Expert Melide



María Casal Raposo e Óptica Abal

R ofrécelles vantaxes nos servizos de telecomunicacións ás empresas que forman parte de Asetem-Cca

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) e R, o operador galego de comunicacións por fibra óptica, veñen de establecer un marco de colaboración para mellorar a competitividade do sector botando man de novas ferramentas de comunicación e baseándose nunha mellora significativa de prezo e servizos.

Os empresarios de Asetem poden beneficiarse xa da nova oferta integrada de servizos que R vén de poñer ao seu dispor tras a recente sinatura dun convenio entre a asociación e máis o operador galego. O acordo inclúe a oferta de varios combos (servizos paquetizados) adaptados ás necesidades de cada negocio que tratan de potenciar o desenvolvemento empresarial e o incremento da competitividade por medio das novas tecnoloxías.

Desta maneira, para os locais que só precisan dunha liña de teléfono fixo R dispón dunha oferta do Combo Negocio Despreocupín por 29 euros ao mes e de 79 euros para as oficinas que precisan de máis dun posto de voz. Estes prezos especiais aplícanse ao contratar simultaneamente dúas liñas de móbilR. Ademais, no acceso a internet estes combos facilitan 20 megas de baixada e 2 de suba con wi-fi e opcións de velocidade ultrarrápida de ata 100 megas. A oferta inclúe tamén un mínimo de 120 minutos gratis en chamadas a móbiles non R dende a liña de fixo e de 300 minutos a móbiles R.



Tenda de R en Melide, na Rúa do Convento

Opcións converxentes e descontos de ata o 50%

Os empresarios de ASETEM teñen, ademais, a posibilidade de gozar de opcións converxentes de fixo e móbil coma o servizo Multiring, que permite recibir á vez chamadas no fixo e no móbil ou desvialas dun a outro segundo se prefira. O convenio contempla igualmente descontos de ata o 50% nas liñas de teléfono fixo adicionais para os negocios que requiren de máis postos de voz. E, da mesma maneira,

para as empresas que precisan de servizos de almacenamento de datos ofrece un 25% de desconto en servidores virtuais e un 10% de desconto en equipamento informático (terminais, pcs, impresoras...).

Os socios e socias de Asetem-Cca que desexen recibir máis información sobre este convenio poden dirixirse á tenda de Hardgalicia, distribuidor oficial de R en Melide e comarca, situada na Rúa do Convento nº 6. Tamén se lles facilitará información nas oficinas da patronal melidense.

Asetem programa un curso para a obtención do CAP destinado a transportistas

A patronal subvencionará o 25% do custo no caso dos autónomos asociados. Para os traballadores asalariados a formación será completamente gratuíta.

Os A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) está a organizar un curso para a obtención do Certificado de Aptitude Profesional (CAP) no sector do transporte. Está destinado a condutores de autobuses e camiões e terá unha duración de 35 horas. Celebrarase en Melide ao longo de tres fins de semana do mes de marzo. As persoas interesadas en asistir xa poden anotarse acudindo ás oficinas de Asetem en horario de 8:30 a 13:00 horas ou chamando ao teléfono 981 50 61 88. O prazo de inscrición pecharase o día 15 de febreiro.

Bonificación para autónomos asociados

Os traballadores asalariados poderán obter o CAP de xeito gratuíto, xa que o custo irá a cargo das cotas de formación que aboan mensualmente á seguridade social. Os autónomos deberán aboar 325 euros. No caso de seren socios de Asetem-Cca, a patronal melidense subvencionaralles o 25% do prezo do curso.

O Certificado de Aptitude Profesional é obrigatorio dende o ano 2009 para todos os transportistas de viaxeiros e mercancías, que xa reciben a formación requirida cando

sacan o carné de conducir. Non obstante, tamén se lle require aos condutores que obtiveron o permiso con anterioridade. Para a súa obtención establecéronse uns prazos que comezaron o ano pasado e rematarán en 2016. As datas foron fixadas en función das terminacións do carné de conducir.

Deste xeito, no ano 2013 están obrigados a sacar o CAP os condutores de autobuses cuxo permiso remate en 5 ou en 6 e os condutores de camiões cuxo permiso remate en 3 ou en 4. Deberán obtelo antes do 10 de setembro.

As materias principais nas que se formarán os condutores de vehículos pesados son a saúde e a seguridade no transporte, a regulamentación do sector e a conducción racional e medioambiental. Coa implantación desta formación obrigatoria, a administración pretende reducir o número de accidentes, o consumo de combustible e as baixas por incapacidade temporal.

Segundo un estudo realizado pola Fundación Maphre, España é o terceiro país europeo por detrás de Alemaña e Francia onde máis accidentes sofren os condutores de camiões e autobuses.

O comercio vende un 6,8% menos en 2012 e suma cinco anos en negativo

As vendas do comercio minorista a prezos constantes caeron un 6% no 2012 con respecto ao exercicio anterior segundo os últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística (INE). Con estas cifras, que representan o maior retroceso dende o inicio da crise, encadéanse cinco anos consecutivos á baixa.

No que se refire ao mes de decembro, un dos de maior actividade para o sector, as vendas interanuais reducíronse un 10,2%, acentuando

en case dous puntos e medio a caída interanual de novembro (-7,8%) e encadeando deste xeito 30 meses de descensos. Por modos de distribución, todos reduciron as súas vendas en 2012, especialmente as grandes superficies, onde diminuíron un 9,1%. Nas pequenas cadeas baixaron un 8,7%, nas grandes o descenso foi do 1,8% e nas empresas unilocalizadas do 7,8%.

En canto ao emprego, existírouse un descenso do 1,2%, con retrocesos en todos os

modos de distribución excepto nas grandes cadeas, que conseguiron elevar a ocupación un 0,6%. As maiores baixadas producíronse nas pequenas cadeas e nas grandes superficies, onde o emprego se contraeu un 3,8% e un 3,3% respectivamente.

Optimismo nos autónomos

A pesar do difícil contexto económico e da dura realidade que amosan os datos, o optimismo aumenta lixeiramente entre os traballadores autóno-



A caída das vendas está a provocar o peche incesante de locais

mos e o 51,4% considera que o seu negocio non vai empeorar en 2013. Por outra banda, o 75,6% dos autónomos con traballadores ao seu cargo non prevé realizar despedimentos,

pero só un de cada cinco declara que realizará contratos ao longo do presente ano. O 54,4% opina que as medidas adoptadas polo goberno non valen para superar a crise.

Por San Valentín, merca en Melide

J Melide

JOYERÍA - RELOJERÍA

Y

ARTÍCULOS DE REGALO

Ronda de A Coruña, 40
Tfno: 981 50 59 97

MELIDE

Joyería Oro Ley



Taller propio



Rúa de San Pedro, 14
15800 MELIDE (A Coruña)
Tlf: 981 50 54 68

14 DE FEBREIRO - DÍA DOS NAMORADOS REGALE FLORES



- Producción de todas clases de Flores
- Preparación:
Ramos de Novia,
Coronas, Ramos,
Palmas, Centros, etc.

• Estamos a su servicio en:

Tfno: 981 50 81 81 - Fax: 981 50 80 86
Tfno. móviles: 988 48 30 48 - 988 48 30 50
C/ Amador Rodríguez, 7 - 15800 MELIDE (La Coruña)

Centros, flor seca y natural.
Ramos de novia y complementos.
Arreglos florales. - Decoraciones.
Plantas. - Coronas.

Floristería TARRIO

Tfnos.: 981 507 580 - 981 505 137 - 607 507 579
Rúa do Convento, 9 - 15800 MELIDE (A Coruña)



MIS MEJORES LABORES

Avda. América, 3 MELIDE



EMPRENDEDORES EN MELIDE

SABELA SANTÍN , “SANTÍN & AMO PERRUQUEIROS ”

“Somos o único establecemento de Melide e da comarca que fai tatuaxes”

-Por que decidiu incorporar o servizo de tatuaxes á súa perruquería?

-Notei que había moito interese na xente porque me preguntaban a miúdo onde se podían facer. Tendo en conta que antes non quedaba máis remedio ca desprazarse a unha cidade, pensei que o cliente agradecería ter un sitio máis preto onde poder facelo. E así foi. Incorporamos o servizo e está a ter moi boa resposta. A día de hoxe somos o único establecemento de Melide e da comarca que fai tatuaxes.

-Cal é o proceso para facer unha tatuaxe?

-Nós traballamos cunha tatuadora profesional que se despraza ata o noso local unha vez á semana. O primeiro paso consiste en poñer ao cliente en

contacto con ela para que lle explique o quere. A partir de aí a tatuadora realiza o deseño en papel e na seguinte cita o cliente valóralo e pode modificar a cor, a forma, o tamaño... todo o que queira. O seguinte paso xa sería facelo sobre a pel. Normalmente abonda cunha soa sesión.

-Hai total liberdade para escoller os deseños?

-Si, calquera capricho pode rematar convertido en tatuaxe. Simplemente hai que explicalo ben. Tal e como se vexa sobre o papel será como quede na pel. Para a xente máis indecisa a tatuadora tamén dispón dun álbum onde se recollen todos os deseños que fai. Ademais, en calidade de profesional, asesora ao cliente e faille recomendacións para que quede

o máis contento posible.

-Hai xente que pon reparos a facer tatuaxes porque non se fía das garantías sanitarias...

- No noso caso poden estar totalmente tranquilos. A tatuadora cumpre con toda a normativa establecida a nivel europeo, tanto como profesional da tatuaxe como no referido á calidade e composición das tintas que se utilizan. En Santín Amo pódese facer unha tatuaxe con todas as garantías sanitarias. É máis, déronsenos casos de xente que veu retocar tatuaxes feitas noutros lados.

-É ese outro dos servizos dispoñibles?

-Si. Denomínase “Cover Up” e consiste en corrixir tatuaxes vellas, onde as liñas engordan



Sabela Santín na súa perruquería do Cantón de San Roque

ou parece que perden a tinta. Ela fai un novo encima, camufla o vello e o resultado é unha tatuaxe diferente. Por outra banda, tamén emprega a técnica da micropigmentación, que serve para tatuar labios, ollos e cellas. Reproduce o efecto do perfilado e o resultado é moi bo.

-Agora tamén fai fotodepilación.

-Efectivamente. Aplicámola a calquera zona do corpo e todas teñen o mesmo prezo. O cliente agradece este servizo porque agora mesmo dispoñemos dunha tarifa plana con prezos accesibles para todos os petos.

SANTIN & AMO
Perruqueiros

C/ Canton de San Roque, 38-40 1º B
15800 · Melide · A Coruña
Tel: 650 43 63 75 / 660 37 04 29
sabelasantin@gmail.com
Siguenos en Facebook

ESPECIAL BODAS:

Packs de novlos: manicuras, cera facial y corporal, pedicura, maquillaje y peinado el día de la boda (pruebas incluidas), solárium ...

OTROS SERVICIOS

Extensiones (adhesivas, grapas y queratina)
Esmaltado permanente de uñas
Alisado Japonés
Alisado y tratamiento de Queratina
Corte, color, mechas
Biocauterización
Solarium, fotodepilación, tatuajes
Pedicura, manicura, maquillaje, ceras
Limpieza de cutis, peeling facial y corporal

Nuestras marcas:

ghd

MATRIX

Arflux

L'OREAL

montibel-lo

O temporal Gong desborda o Furelos e arrasa a praia fluvial

Choveu tanto en catro días coma nos meses de setembro e de outubro xuntos

Estaba a ser un inverno do máis apracible ata que chegou “Gong”. O primeiro temporal do ano, que atravesou Galicia a mediados de xaneiro, deixou sentir tamén os seus efectos en Melide. Unha das áreas máis afectadas foi a praia fluvial de Furelos, que sufriu grandes danos como consecuencia do desbordamento do río. A Concellería de Obras, que está a realizar unha valoración dos desperfectos, anticipa que a reparación e acondicionamento da zona será “moi custosa para as arcas municipais”.

Segundo a información recollida pola estación meteorolóxica do municipio melidense, entre os días 16 e 19 caeron 186 litros por metro cadrado, a mesma cantidade que suman as precipitacións rexistradas ao longo dos meses de setembro e outubro de 2012. Especialmente chuvioso foi o día 19 de xaneiro, no que se acumularon 91 litros por metro cadrado en 24 horas. Tal cantidade de choiva non tardou en provocar o desbordamento do Río Furelos, que de acordo cos datos proporcionados pola asociación de troiteiros que leva o seu nome chegou a alcanzar unha altura de 1,6 metros. Segundo explica o presidente da entidade, Xabier Pazo, as augas estendéronse uns 60 metros de media a ambas marxes do leito e na área recreativa chegaron ata o aparcadoiro. “Non foi a peor das enchentes”, explica Pazo, “noutras ocasións o río ten chegado á estrada”.

Especialmente afectada resultou a praia fluvial, onde a corrente ergueu parte da pavimentación de madeira, levantou a cerca do merendoiro, encheu as piscinas, arrastrou papeleiras e fixo desaparecer mobiliario. Tamén levou numerosas mesas da área recreativa, algunhas das cales quedaron colgadas das árbo-



Os accesos quedaron anegados e as mesas viaxaron polo río abaixo



A corrente levantou as cercas do merendoiro



O nivel das augas subiu ata o aparcadoiro

res e outras mesmo traspasaron os límites do municipio para aparecer no concello de Santiso.

Prexuízo económico

O Concello de Melide “lamentar” os danos producidos polo temporal e adianta que a reparación será “moi custosa” ao tempo que recoñece que “o material que se atopa nos lindes do Furelos non é o apropiado para a área recreativa”. A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, recorda que en 2009 se investiron 300.000 euros do Plan E do goberno central para acondicionar a zona e sinala que agora “nos atopamos de novo como se nos se investira nada”.

Pola súa banda, a Asociación de Troiteiros Río Furelos insta a que se retiren as mesas de madeira no inverno “para evitar que ano tras ano estean a expensas dos caprichos da natureza” e avoga por deixar a zona do solarium “só con herba natural”.

O paso do temporal Gong por Melide non só afectou ao mobiliario urbano senón tamén á propia fauna. Segundo explica Xabier Pazo, a enchente chegou “no peor dos momentos posibles”, xusto despois do desove da troita, e “matou todas as crías”. As consecuencias, asegura, “notaranse dentro de tres ou catro anos cando haxa menos reprodutores”.

O BNG leva á alcaldesa ante o Valedor do Pobo ao crer que oculta información municipal

O BNG de Melide presentou a mediados de xaneiro unha queixa formal ante o Valedor do Pobo solicitando a súa intervención “para que a alcaldesa do PP deixe de restrinxir o dereito á información e á obtención de informes xurídicos que por lei debe facilitar”.

Tal petición prodúcese despois de que os nacionalistas solicitasen un informe por parte do goberno local para aclarar se este amparou que un empregado do concello desempeñase no seu horario laboral un segundo traballo para unha empresa privada, incorrendo así nunha situación de incompatibilidade laboral. Transcorrido un mes, e sen obter dito informe xurídico, os nacionalistas decidiron recorrer a instancias superiores por considerar que a alcaldesa impide o acceso á información municipal e “despreza as condutas democráticas que se lle supoñen como desempeño do seu cargo”.

Así o manifestou o voceiro do BNG, Xosé María Santín Amo, quen acusa a Ánxeles Vázquez de tentar desviar a atención para ocultar “que se estaba producindo unha irregularidade con cartos públicos amparada polo goberno do PP”. Santín Amo cualifica de “interesada” e “inmoral” a actuación do executivo local que, asegura, “coloca a persoas con dobres soldos mentres na rúa se triplica o paro”.

Ánxeles Vázquez manifestou no seu día que o concello non ten nada que ocultar e que solicitou a vida laboral de máis de 80 traballadores municipais para detectar posibles situacións de incompatibilidade e actuar en consecuencia. Sinalou ademais que a solicitude feita polo BNG obedece a unha guerra particular contra un traballador concreto e que a maioría de persoas que poden estar en situación de incompatibilidade proceden de contratacións feitas polo bipartito.

O asfaltado da Martagona pon fin ao calvario dos condutores



Os condutores volveron facer da estrada a súa ruta habitual

A estrada da Martagona volve ser transitable. As enormes fochas que atravesaban a vía de lado a lado en varios puntos e que facían imposible pasar co vehículo nunha marcha que non fose a primeira forman xa parte da historia. O arranxo da estrada, que se realizou só en certas zonas, foi longamente demandado polos condutores da comarca, pois trátase dunha das principais vías de comunicación entre Melide e varias parroquias de Toques. A actuación realizada comprendeu o asfaltado do firme, a limpeza de sumidoiros e cunetas e a canalización de augas. Ademais da estrada da Martagona, o Concello de Melide tamén está a realizar obras de mellora nas vías das parroquias de San Salvador, Pedrouzos-Xubial, Moldes, Folladela e Campos. No lugar de Cabanelas (San Cibrao) empregouse formigón e aglomerado asfáltico en quente. O importe de ditas obras, que estarán rematadas a principios de marzo, ascende a 104.978 euros.

O PSOE considera “ridícula” a partida da Xunta para o novo centro de saúde

Os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2013 contemplan unha partida de 769.000 euros para a construción do novo ambulatorio melidense, unha cifra á que hai que engadir outros 7.500 euros para o equipamento do edificio. Tales investimentos provocaron a rápida reacción do PSOE comarcal, que saíu ao paso para cualificar de “ridículas” e “claramente insuficientes” as cantidades destinadas ao futuro centro de saúde do concello.

Así de contundentes se amosaron os responsables socialistas da comarca tras unha reunión mantida en Arzúa para analizar as contas da Xunta para 2013. No encontro participaron concelleiros e responsables orgánicos do PSOE na zona, xunto co Secre-

tario Provincial, Francisco Caamaño. Tamén estivo presente o deputado autonómico Xosé Sánchez Bugallo, quen lembrou que o centro de saúde melidense xa estaba incluído nos orzamentos do ano 2012 cunha achega de 500.000 euros que non se chegou a executar porque as obras non comezaron. Con respecto a isto, comprometeuse a preguntar no Parlamento galego “se a partida recollida este ano inclúe os 500.000 euros programados o ano pasado ou debe sumarse a eles”.

“Territorio PP”

As partidas destinadas ao centro de saúde, xunto con outros 2.700 euros para construír unha senda peonil, fan de Melide o único concello dos oito que conforman a comarca

do interior coruñés que recibirá investimentos da Xunta este ano. Así se reflicte nas contas autonómicas, que á marxe desas tres partidas deixan en branco os sete concellos restantes da zona: Santiso, Sobrado, Arzúa, Boimorto, Vilasantar, Mesía e Tordoia.

O PSOE comarcal considera que os orzamentos son “inxustos” co interior da provincia e denuncian que os concellos non gobernados polos populares “sofren unha clara discriminación”. Ao mesmo tempo conclúen que nos orzamentos “só hai un territorio: o territorio PP”. Pola súa banda, o secretario provincial engadiu que as contas de 2013 na Coruña se recortaron un 43% con respecto ao 2012 e afirmou que iso “influirá no día a día de cada un de nós”.

Beatriz Mato anuncia investimentos para rematar a residencia dos maiores

A Conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, comprometeu a colaboración da Xunta de Galicia para realizar investimentos na residencia da terceira idade e rematar as obras que o edificio ten pendentes. A Conselleira aproveitou a visita realizada ao obradoiro de emprego que se está a realizar no concello para anunciar que hai consignados preto de 200.000 euros nos orzamentos da Xunta e que se destinarán a amoblar a planta alta da residencia, instalar un ascensor e un montacargas e acondicionar o espazo exterior de recreo. Unha vez que se rematen os traballos, o xeriátrico melidense disporá de 38 prazas máis, que se sumarán as 16 coas que conta na actualidade.



A alcaldesa de Melide e a Conselleira de Traballo, Beatriz Mato

“Múltiples vantaxes”

Na súa visita ao obradoiro de emprego no que se forman 22 persoas en atención sociosanitaria, Beatriz Mato amosouse confiada en que a formación que están a recibir repercutirá

“directamente” non concello. Lembrou ademais as vantaxes deste tipo de cursos, entre as que destacou a posibilidade de acceder a un posto de traballo e a de adaptarse ás novas demandas do mercado laboral.

A reorganización do mapa de emerxencias de Galicia deixa a comarca sen Grumir



Os Grumir prestan servizo en todo tipo de emerxencias

Cun atraso de case cinco anos, a Consellería de Presidencia e Administracións Públicas presentou a finais do mes de xaneiro o que será o novo mapa das emerxencias en Galicia. Tal e como se agardaba en virtude do pacto local asinado no seu día entre a Xunta e a Fegamp, optouse por suprimir os Grupos Municipais de Intervención Rápida (Grumir) naqueles concellos con parque comarcal de bombeiros.

Deste xeito Arzúa perde a súa brigada do Grumir, que levaba 17 anos prestando servizo, e as emerxencias xurridas tanto nese concello como nos de Melide, Toques, Santiso, Boimorto, Touro e O Pino quedarán cubertas exclusivamente polos bombeiros (á marxe das agrupacións de voluntarios de Protección Civil). Os 12 profesionais que integran o Grumir de Arzúa remataron o contrato o pasado 6 de febreiro. Non obstante, seguirán traballando durante polo menos dous meses máis, ata que se consuma a partida de 45.000 euros outorgada pola Deputación da Coruña para o seu financiamento.

Os cambios introducidos polo goberno autonómico non

só supoñen a redistribución das brigadas de emerxencias, senón tamén a desaparición dos Grumir como tal, que de agora en adiante serán substituídos polos chamados Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES). Haberá un total de 25 repartidos por toda Galicia. Un deses GES terá o seu centro de operacións en Curtis e prestará servizo a boa parte dos concellos da comarca de Betanzos e tamén ao de Sobrado.

Sede en Melide

O grupo municipal dos socialistas melidenses considera que o GES destinado a Curtis podería ter a súa ubicación en Melide se a alcaldesa do municipio, Ánxeles Vázquez, exercese as xestións pertinentes ante a Fegamp en calidade de membro do seu consello federal. O secretario de organización do PSOE de Melide, José A. Prado, asegura ter constancia de que a rexedora non presentou ningún escrito en nome da alcaldía e acúsaa de “conformarse con que o GES fose adxudicado a Curtis” e de “non poñer interese para que a brigada que había na comarca se destinase a Melide”.

BREVES Unanimidade na aprobación do POS

A corporación de Melide aprobou por unanimidade o Plan de Obras e Servizos para 2013, que conta cunha subvención de 342.702 euros procedentes da Deputación. Do montante total, 134.638 euros empregaranse para o pago de gastos correntes e os 208.064 euros serán destinados para as seguintes obras: ampliación do velorio municipal (66.698 €), soterramento de contedores na zona vella (31.365€) e acondicionamento de varios tramos da estrada que comunica as parroquias de Orois e Baltar co casco urbano (110.000 €). A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, destaca que o reparto dos investimentos en obras se fixo “case ao 50% entre a zona rural e a urbana”.

Segue a polémica da escola infantil

O BNG de Melide acusa ao goberno local de estar eliminando os servizos públicos cos que conta o concello. A través dun comunicado, o principal grupo da oposición denunciou que varias familias da vila non puideron inscribir aos seus fillos na escola infantil municipal en horario de mañá por non haber prazas debido ao peche dunha aula. Os nacionalistas manteñen que no seu día a alcaldesa se amparou nunha suposta falta de alumnado para clausurar dita aula cando en realidade, aseguran, o peche viña motivado porque non se cumpría a ratio necesaria de profesionais para atender aos nenos. Esixen que se preste o servizo a todas as familias que o pidan.

Piden cubrir “con urxencia” as vacantes da Policía Local

O PSOE de Melide vén de solicitarlle ao goberno local que se modifiquen os orzamentos para 2013 co fin de que se cubran as sete prazas que figuran na Relación de Postos de Traballo do concello como dotación para a Policía Local.

Os socialistas xustifican a súa petición “na preocupación existente entre os veciños e veciñas pola crecente inseguridade cidadá” e na “nula vontade” do equipo de goberno para incrementar o número de axentes. Os presupostos municipais para o presente ano, aprobados recentemente, contemplan dúas prazas, unha cifra que os socialistas consideran “absolutamente insuficiente” para dar cobertura ás necesidades que ten a vila en materia de seguridade.

Sinalan que os voluntarios

de Protección Civil veñen prestando servizo por indicación do Concello ante a falta de efectivos da Policía Local e denuncian a ausencia de efectivos na quenda de noite e na movida dos sábados. A iso engaden o mercado dos domingos, a feira grande, catro centros educativos, o camiño de Santiago e “unha poboación que chega case a triplicarse en época estival” como causas que xustifican unha Policía Local “máis dimensionada”. O PSOE melidense insta á alcaldesa, Ánxeles Vázquez, “a repensar se está facendo todo o necesario” e recorda que concellos cunha dinámica semellante á de Melide, como Ordes, Boiro ou Padrón, teñen servizo nocturno de vixilancia todos os días da semana.

Fomento buscará solucións aos accidentes da N-547



O tramo da N-547 por Arzúa rexistrou 66 accidentes nun ano

O Xefe de Demarcacións de Estradas do Estado en Galicia, Ángel González del Río, comprometeuse a estudar a alta sinistralidade do tramo da estrada N-547 entre Melide e Arzúa e a estudar medidas que contribúan a reducir o número de accidentes que rexistra dito treito. O compromiso chegou trala reunión que o titular de Fomento mantivo co alcalde de Arzúa, José Luis García, a petición deste último. A mediados de febreiro volverán a manter outro encontro no que tratarán de concretar actuacións. A administración decidiu tomar cartas no asunto despois de que en dito tramo, de 15 km, falecesen seis persoas en só tres meses.

Ánxeles Vázquez presidirá o XIV congreso do PP provincial

A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, foi elixida polo comité organizador do XIV congreso do Partido Popular da Coruña para presidir a mesa deste conclave, que se celebrará o día 9 de febreiro na cidade herculina. Segundo explica o partido, os membros do comité valoraron a súa dilatada traxectoria política e o seu “marcado perfil municipalista”, que será un dos eixos do congreso. Ánxeles Vázquez estará acompañada na mesa por dous vicepresidentes: a concelleira de Carballo Margarita Varela e o presidente local do PP na cidade da Coruña, Fernando Fernández. O secretario será o presidente provincial de NNGG, Ramón Santos.

Enterro reivindicativo polas rúas de Melide para reclamar melloras laborais

Nun momento difícil no que proliferan as manifestacións, é preciso agudizar o enxeño para que as reivindicacións propias se fagan máis visibles. Precisamente imaxinación foi o que non faltou na protesta organizada por un grupo de vixiantes do sector da seguridade privada para denunciar a paulatina perda de dereitos laborais e a rebaixa salarial aplicada pola patronal.

Cunha cruz e un cadaleito a costas, dúas de traballadores completaron o Camiño de Santiago dende o Cebreiro e pasearon así ao longo de 151 quilómetros a morte simbólica do sector. A marcha completouse nunha semana e pasou pola vila de Melide o xoves 24 de xaneiro, chamando a atención de veciños e viandantes.



A marcha pasou por Melide e rematou en Santiago cunha chourizada

Esta acción de protesta, denominada “Marcha pola dignidade laboral”, formou parte dunha campaña do sindicato CIG para amosar o seu rexeitamento ao ERE de extinción

aprobado en Securitas e contra o empeoramento das condicións laborais dos traballadores en Prosegur, Eulen, Vinsa, Prosernorsa, Falcon e Seguribérica.

FOTO-DENUNCIA

Auga pura, fonte de vida



Será que as silvas medran tan ben porque alí nace a auga? Ou será porque lles é de proveito o abrigo que dan os muros de formigón? A fonte de Priorada está convertida en todo un viveiro de plantas sil-

vestres, un sementeiro da flora brava. Representará a loita do home contra a natureza? Ou será desas contradicións que se dan en certas vilas que quitan o verde onde estaba e déixano medrar onde non debe?

B Adeus aos contedores da zona vella

Non desaparecerán, pero serán menos visibles. O concello de Melide decidiu incluír no Plan de Obras e Servizos 2013 o soterramento dos contedores do casco histórico. A actuación, longamente demandada polos veciños e veciñas da zona vella, servirá para centralalos na Praza da Coles, evitando así o impacto visual que producen e eliminando os problemas de malos olores. A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, sinala que o goberno local “é consciente de que moita xente vive da hostalería” e confía en que os traballos axudarán “a dar unha mellor imaxe” da zona dos viños e da vila en xeral. O orzamento para executar as obras ascende a 31.365 euros.

Melide, capital galega dos solteiros

Casados, solteiros, divorciados, viúvos, incluso almas solitarias... son persoas sen compromiso que teñen intereses comúns e que se organizan para compartilos. Son os chamados “singles”, un movemento que medra cada día máis a través da internet e que pareceu atopar en Melide o lugar ideal para reunirse. Por segundo ano consecutivo, os solteiros e solteiras de Galicia acudirán á vila para participar dunha cena de confraternidade. A segunda Festa Single celebrarase a mediados do mes de marzo e a organización espera superar as cifras de asistencia do ano pasado, cando máis de 70 persoas procedentes das catro provincias se desprazaron ata Melide.

Coida a túa saúde en Melide

clínica dental melident
laboratorio propio

- odontoloxía xeral
- ortodoncia
- implantes
- prótesis
- ortopantomografía

Tfno.: 981 507 508 - Rda. de Pontevedra, 67, b. 15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno.: 981 516 501 - Rúa Casal de Mumin, 2, b. 15818 BOIMORTO (A Coruña)

 **HOTEL BALNEARIO
RÍO PAMBRE** ***

Vilariño (Sambreixo) - Palas de Rei - 27.203 Lugo
Telf: 982 37 41 35 / Fax: 982 37 40 98
E-mail: info@balneariopambre.com
Web: www.balneariopambre.com

CLINICA DE FISIOTERAPIA LAURA

981 50 72 81

Laura Ferreiro Varela
Fisioterapeuta colg. 992

plaza de las universidades, nº6, bajo
15800 MELIDE (A Coruña)

Miriam Gómez Carrascal
Nº Colegiado 27/1103



clínica dental zona vella
Tel: 981 505000
Rúa Nova, 6 bajo, 15800 Melide

 **Ana Marcos Cardo**
Odontóloga

Ronda da Coruña, 31 - 1ºB
Tfno. 981 50 57 05
15800 - MELIDE (A Coruña)

 USC
 ILUSTRE COLEGIO DE ODONTÓLOGOS
Y ESTOMATÓLOGOS DE A CORUÑA

CENTRO MEDICINA TRADICIONAL CHINA QI
PR-20401-406

Clínica Qi.


José Ayude
Director

Acupuntura y moxibustión
Tuina, osteopatía y tai-chi
Farmacopea y dietoterapia

C/Vicente Risco, 6
15800 - Melide

Marta González Salgado

Tfno.: 981 50 54 67

Avenida Franco, 17
MELIDE
15800 (La Coruña)

ÓPTICA MELIDE

Clínica Médica RosalmaR
Dr. Ángel Riveiro Pérez
Director médico

Praza das Universidades, 5 BJ
15800 MELIDE
Tel./Fax.: 981 506 228
Móvil: 696 422 484
angelriveiro@futurnet.es

- Medicina general: adultos, Infantil
- Análisis clínicos
- RX y ecografía
- Enfermería / ATS
- Reconocimiento médico laboral: empresas, autónomos
- Concierto con cías. de seguros médicos privados. Mutuas laborales
- Valoración de accidentes / Daño corporal

ESPECIALIDADES

DERMATOLOGÍA	TRAUMATOLOGÍA
GINECOLOGÍA	UROLOGÍA
PODOLOGÍA	PSICOLOGÍA
FISIOTERAPIA	OSTEOPATÍA

PSICOTÉCNICO PARA CONDUCTORES

Centro autorizado pola Consellería de Sanidade con nº de rexistro C-15-001524

 **Psicotécnico**

- Permiso de conducción
- Licencia de conducir
- Licencia de separación privada
- Licencia de conducción de vehículos potencialmente peligrosos
- Operador de grúa torre / grúa torre autopropulsada
- Seguridad privada
- Otros

 **CLÍNICA MÉDICA RosalmaR**

mercamelide

sábado
16

domingo
17

horario:
11^a 8

Febreiro
2013

Pazo de Congresos e Exposicións de Melide

XI FEIRA DE OPORTUNIDADES

artigos de calidade a prezos reducidos



sábado
16

domingo
17



Zona infantil

sábado
16

domingo
17

**Sorteo de
duas**



domingo
17

Sorteo de



Sobrado decide empregar as achegas do POS para “liberar” o orzamento municipal

O goberno local de Sobrado (PP) aprobou cos votos que lle confire a súa maioría absoluta as actuacións previstas dentro do Plan de Obras e Servizos (POS) para o ano 2013. O programa, subvencionado a través da Deputación da Coruña, destina para o concello 230.478 euros. Desá cantidade o executivo municipal decidiu reservar o máximo permitido (60% do total) para gasto corrente. Son 138.263 euros que se empregarán para facer fronte ás facturas da recollida do lixo e da iluminación pública, segundo explicou o alcalde, Jacobo Fernández, no pleno celebrado o pasado mes de xaneiro.

O 40% restante, 92.175 euros, corresponde ao capítulo de investimentos, no que se contempla a execución de dous proxectos. Por unha banda o acondicionamento de camiños no Mesón, As Cruces e Pousada de Abaixo. Tamén se amañará a pista que vai de Ponte Tuela a Coto e a que comunica O Sixto e Barcioi. Es-



Casa do Concello de Sobrado

tas actuacións terán un custo de 55.704 euros. Por outra banda procederase á reposición de beirarrúas no núcleo de Porta, unha obra para a que se reservaron 36.470 euros.

Escaso investimento

O grupo da oposición, o BNG, criticou duramente o reparto feito polo equipo de goberno e votou en contra do POS 2013 por considerar que o investi-

mento “é mínimo”. Así o manifestou o voceiro dos nacionalistas, Lisardo Santos, quen se amosou partidario de destinar máis cartos para realizar obras. “Se o concello non tivese cartos entendería este reparto”, explicou, “pero estando saneado hai que investir máis para mellorar as vías e infraestruturas”.

O alcalde, Jacobo Fernández, xustificou a súa decisión

dicindo que “todo o que meta-mos para gasto corrente queda libre no orzamento municipal e dos nosos cartos podemos dispoñer con máis liberdade”. Nese sentido destacou que os prazos impostos pola Deputación demoran a execución das obras e explicou que con cartos municipais “incluso podemos facer pequenos investimentos e arranxos, mentres que o programa da Deputación non permite proxectos de menos de 30.000 euros”.

Os nacionalistas tamén se mostraron descontentos cos traballos programados. O voceiro do BNG acusou ao goberno local de planificar obras onde non é necesario e de deixar outras a medias: “o camiño das Cruces é moi pouco transitado e está bastante ben e o de Pousada, se pasamos agora por alí, a metade de nós non nos decatamos nin de que existe”. O rexedor considera que se trata de “investimentos xustificables” porque “do que se trata é de acondicionar un pouco os núcleos”.

Aprobado por unanimidade o POS 2013 de Santiso

O concello recibirá a través do Plan de Obras e Servizos da Deputación un total de 198.278 euros. Desá cantidade, 118.967 destinaranse a gasto corrente e o restante, 79.311, utilizaranse para acometer diversas obras. A proposta realizada polo equipo de goberno (PSOE, BNG e Independentes) recibiu o apoio da oposición (PP) a pesar de que os populares consideran insuficiente a partida destinada a investimentos: “estamos de acordo coas obras que incluídes no plan pero non nos parece ben que a porcentaxe destinada a investimentos sexa tan baixa”, argumentou Ovidio Leiva, voceiro do PP. Na mesma liña, Leiva asegurou que “nós nunca sacamos nada do POS para gasto corrente e chegamos a investir 200.000 euros”.

O albergue de Toques terá xestión privada

Era un dos seus obxectivos dende que ocupou o sillón de goberno do Concello de Toques. Agora, a falta de medio ano para que se produza o relevo na alcaldía, o actual rexedor, Jorge Calvo, dá un novo xiro de temón para conseguir que a apertura do albergue municipal sexa por fin unha realidade. Desbotada por completo a opción de que sexa o propio concello quen se faga cargo do edificio, o executivo local decidiu abrir a porta á empresa privada para xestionar as instalacións.

Segundo explica Calvo, o equipo de goberno decantouse por esta vía “ante las limitaciones impuestas a los concellos para contratar personal” e o alto custo que suporía para as arcas municipais o día a día do albergue. A administración local prevé sacar a xestión do edificio a concurso público “cuanto antes” coa idea de que as instalacións estean funcionando na primavera, en coincidencia co inicio da



A Xunta instou a acometer reformas no edificio antes da apertura

tempada alta no Camiño de Santiago.

O alcalde non aclara de momento os termos exactos nos que fará a transferencia da xestión. Explica que agora mesmo se está redactando o prego de condicións para as empresas que opten ao concurso e valorando “cuál de las fórmulas posibles de realizarlo es la mejor”. Engade por outra

banda que Toques se baseará en experiencias similares realizadas noutros concellos de Galicia e anuncia que se realizará unha campaña de promoción publicitaria nos medios de comunicación para dar a coñecer o albergue.

“atraso tras atraso”

Dende a oposición, o grupo municipal do BNG tamén se

mostra partidario desta fórmula ao considerar que o concello sería incapaz de asumir a longo prazo todos os gastos derivados da xestión do albergue. Non obstante, os nacionalistas sosteñen que o goberno local mantivo unha actitude pasiva con respecto a este tema e que froito diso “a apertura do albergue foi acumulando atraso tras atraso”.

En concreto, o voceiro do BNG, José Ángel Penas, denuncia que non se solucionaron aínda as deficiencias detectadas no edificio cando se solicitou a cualificación que tería como albergue. Penas explica que isto motivou un requirimento de documentación por parte da Consellería de Turismo ao que o concello de Toques fixo caso omiso: “cansámonos de preguntar pleno tras pleno sobre esas deficiencias, que tiñan que estar arranxadas hai xa un ano e medio, e agora soubemos que a Xunta requiriu documentación e non se enviou”, explica.

As escolas de Nogueira e de Carelle, en punto morto

O concello de Sobrado está á espera de que o goberno central lles permita ás administracións locais dispoñer do seu remanente de tesourería para proceder á mellora dos locais sociais de Nogueira e Carelle. En resposta a preguntas do BNG, o alcalde, Jacobo Fernández, explicou que os traballos se van sufragar con fondos municipais pero que de momento non está permitido incorporar o remanente aos orzamentos, polo que as obras terán que agardar. O rexedor sinalou que “en canto se autorice a utilización deses cartos, e hai rumores de que o van permitir, non teremos ningún problema en acondicionálos”. Os locais sociais de Nogueira e Carelle foron no seu día escolas unitarias.

O alcalde de Santiso ampárase na lei para rexeitar as críticas á súa política laboral

As recentes renovacións e renegociacións dalgúns contratos do persoal laboral do Concello de Santiso volveron traer a primeira liña da actualidade un dos temas de constante fricción, xunto coa cuestión económica, entre goberno e oposición: a política aplicada cos empregados municipais. Baixo o ilustrativo título do principal punto da orde do día, “problemática do goberno municipal e os traballadores do concello”, os edís do Partido Popular e o alcalde intercambiaron numerosas acusacións ao longo dun pleno extraordinario que solicitaron os conservadores para pedir información sobre os contratos, horarios e condicións dos empregados municipais.

O voceiro do PP, Ovidio Leiva, amosouse contundente dende o primeiro momento do debate e denunciou que a política laboral aplicada polo tripartito está a provocar un deterioro “importante” no funcionamento do concello “que cada día vaia a máis”. Leiva



Concelleiros do BNG e do PSOE de Santiso (imaxe de arquivo)

enumerou un por un casos individuais de traballadores e sacou a colación rescisións de contratos, modificacións, despedimentos e xuízos pendentes, mesmo aqueles con orixe durante o seu mandato. “Isto vaise ao garete”, sentenciou, “estades botando ao persoal todo fóra e quedades os políticos nada máis, pero eu non vexo que fagades o traballo que ten que facer a xente”.

Axustarse á lei

O alcalde do municipio, Fernando Suárez Cortiñas, rexeitou de plano as acusacións e defendeuse dicindo que o goberno local está aplicando a lei “como hai que aplicala” e regularizando a situación dos traballadores. “Non desmantelamos nada, simplemente corriximos o que estaba mal feito”, explicou, “sabes que non se pode estar renovando

contratos ano tras ano e que temos a obriga de convocar certas prazas”.

A medida que foi avanzando o debate, o voceiro popular afondou nas súas críticas e acusou ao rexedor de crear “un clima de conflitividade” e de non respectar os dereitos dos traballadores: “negociastes coa axente de emprego e quedou no posto pola metade do soldo. A xente quere traballar e fai calquera cousa pero non me parece ético que explotedes así a unha traballadora”.

Suárez Cortiñas explicou entón que os recortes nas subvencións non deixan máis saída ca renegociar algúns contratos e negou que exista malestar entre os traballadores: “falouse con eles un por un e ningún protestou”. A concelleira popular Matilde Pallares, pouco conforme coas explicacións, solicitou e fixo constar en acta que se levase de novo o tema ao seguinte pleno: “entrei sen saber nada e marchou sabendo menos”, dixo. Haberá máis capítulos.

Vehículos de alto consumo en Sobrado

O grupo municipal do BNG en Sobrado esixiulle explicacións ao executivo local sobre os gastos que xeran os vehículos propiedade do concello. Tras realizar unha análise das contas municipais, os nacionalistas aseguraron detectar facturas por consumo de gasóleo “elevadísimas” que na maioría dos casos “superan os 1.000 euros mensuais”. O equipo de goberno explicou que o tractor empregado para facer os desbroces nas pistas é o que máis consume pero o argumento non convenceu ao voceiro do BNG, Lizardo Santos, que insistiu en preguntar se hai unha persoa encargada de controlar eses gastos. Santos insinuou con ironía que hai quen se está aproveitando do parque automobilístico municipal: “ao mellor non fai falta andar tanto en coche polas tardes. Iso hai que controlalo”.

A estrada de Sobrado a Friol cae no olvido

Malia ser unha vella demanda veciñal, o arranxo da estrada que comunica Sobrado con Friol terá que seguir agardando no que ao tramo da provincia da Coruña se refire. Ausente dos orzamentos da Xunta para 2013, a mellora desta vía desapareceu tamén das reivindicacións do concello ante instancias superiores para caer no caixón do olvido.

Recentemente o grupo municipal do BNG, na oposición, tratou de poñer de novo o tema sobre a mesa presentando unha moción no último pleno municipal, pero o equipo de goberno rexeitou cos seus votos o carácter urgente da mesma e evitou así entrar en debate. A indignación non tardou en aparecer entre os asentos dos nacionalistas, que acusaron ao alcalde de “levar anos e anos dicindo que estades a falar do tema pero sen chegar nunca a nada en concreto”. O BNG solicitaba “aproveitar que xa se está arranxando a estrada entre



O alcalde de Sobrado reuniuse coa delegada territorial da Xunta

Friol e o límite coa provincia” para instar á Xunta a que continuase cos traballos “ata o cruce de Sobrado polo menos, porque lle daría un pouco de vida ao pobo”.

Segundo a oposición, o óptimo sería que os traballos chegasen ata as Corredoiras e que se acometese un acondicionamento integral que arranxase o firme, anchease

a calzada e emendase a deficiente visibilidade nalgúns interseccións. Iso precisamente é o que se está a facer no tramo lucense da estrada, para o que se aprobou un orzamento de 4 millóns de euros.

Parcelaria de Grixalba

A mellora da estrada AC-233 tampouco estivo presente no encontro de traballo que o

alcalde de Sobrado, Jacobo Fernández, mantivo o pasado 22 de xaneiro coa delegada territorial da Xunta na provincia, Belén do Campo, para analizar as actuacións do goberno galego no municipio. A reunión centrouse fundamentalmente nos Proxectos Estructurais de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM), a través do cales Sobrado recibiu 155.000 euros para adecuar camiños en varias parroquias.

No transcurso do encontro, o rexedor trasladoulle á delegada territorial a necesidade de axilizar o proceso de concentración parcelaria iniciado en San Xiao de Grixalba para mellorar a calidade de vida dos veciños da zona e facilitarlles o aproveitamento gandeiro e forestal das terras. Neste senso, Fernández recibiu o compromiso de Do Campo para avanzar na tramitación do proxecto, que na actualidade se atopa á espera de resolver os recursos presentados polos particulares.

Mellora na atención a dependentes en Toques

Os servizos sociais do Concello de Toques veranse reforzados ao longo de 2013 grazas unha partida de 25.000 euros que lle foi concedida pola Consellería de Traballo e Benestar ao abeiro da Lei de Dependencia. Esta achega permitirá sumar 216 horas máis de atención aos dependentes e case que duplicar o número de persoas atendidas no municipio. En total son 11 os veciños de Toques que xa están a utilizar este servizo, fronte aos 6 que o facían ata o de agora. No que se refire ás horas de atención, pasárase das 255 que se prestaron en 2012 ás 471 que se prestarán no presente ano, o que supón un incremento do 84%. O servizo de axuda no fogar non se ampliará a curto prazo.

O Gong deixa en evidencia unha vez máis as carencias do polideportivo de Toques

Non creou ningún problema novo pero si agravou os que xa existían. O temporal de vento e auga que atravesou Galicia a mediados de xaneiro deulle o golpe de graza á xa de por si feble cuberta do pavillón polideportivo de Toques e obrigou a clausurar as instalacións durante varios días debido ás filtracións de auga.

A decisión de pechar o recinto, que supuxo a cancelación dalgunhas das actividades que se realizaban nel, tomouse “por precaución” e para evitar “que puidese haber danos persoais motivados por esvaróns”, segundo indicaron fontes do goberno local. Non é

a primeira vez que as goteiras fan acto de presenza no pavillón de Toques, máis desta vez as filtracións foron moito maiores, provocando grandes pozas sobre o pavimento e comprometendo a seguridade dos usuarios.

O concello agarda agora a que os técnicos da Deputación elaboren un informe para proceder de novo ao arranxo do tellado, que xa fora obxecto de melloras hai escaso tempo. Os traballos resultaron ser insuficientes e ineficientes polo que “haberá que arreglarlo outra vez”, declara o alcalde do municipio, Jorge Calvo, quen afronta a situación con resig-



Os técnicos da Deputación xa visitaran o pavillón hai un ano

nación e confiando en que “la Diputación nos eche de nuevo una mano”.

Camiño Primitivo

Os efectos do temporal en Toques tamén se deixaron sentir no Camiño Primitivo, que ao

seu paso por Vilouriz quedou intransitable. As intensas precipitacións provocaron unha corrente de auga que, axudada pola pendente do camiño nese tramo, varreu pedras e terra e provocou fochas de ata un metro de ancho.

Reunión para crear o couto do río Furelos en Santiso

A escola de Barazón acollerá o próximo venres día 1 de marzo unha reunión informativa co obxectivo de avanzar na creación do couto de pesca do Río Furelos no Concello de Santiso. A charla celebrárase ás 9 da noite e a ela están convocados tanto pescadores afeccionados como a veciñanza do municipio en xeral.

No encontro participarán o presidente da Asociación de Troiteiros “Río Furelos” de Melide, Xavier Pazo, e o secretario da mesma, Carlos Lamas. Ámbolos dous explicarán os pasos que hai que seguir para solicitar a creación do couto ante o Servizo de Conservación da Natureza, dependente da Consellería de Medio Ambiente. A asociación de troiteiros melidense xa realizou os trámites para a posta en marcha de dito couto en dúas ocasións, nos anos 2007 e 2009, pero a petición foi denegada en ambos casos pola administración autonómica alegando “que tiña que haber unha maior implicación da veciñanza de Santiso”, explica Xavier Pazo. O proceso atópase agora na fase de recollida de firmas, que se realizará nas semanas seguintes á celebración da reunión, e de elaboración dun plan de xestión “no que é preciso que participen os veciños e veciñas do lugar”.

A aprobación da Conta Xeral do concello de Santiso referente ao ano 2011 deu pé para que, unha vez máis, goberno e oposición iniciasen un tenso debate sobre a situación económica do municipio, un asunto que case dous anos despois da celebración de eleccións segue a ser unha ferida aberta e un foco de continuos reproches entre o anterior goberno e o actual.

O Partido Popular, agora na oposición, abstívose na votación ao non estar de acordo co pago dunha factura. En concreto, referíase ao xantar que sufragou o concello para convidar ás autoridades que asistiron á entrega dos títulos da parcelaria de Arce-diago, Rairiz e Mourazo. “É a única pega que lle poñemos á conta xeral pero abstémonos”,

Facturas de xantares no centro do debate político

senalou o voceiro popular Ovidio Leiva, quen aproveitou a ocasión para botarlle en cara ao equipo de goberno que empregase cartos das arcas municipais para pagar o xantar: “as comidas que fixemos nós para invitar a políticos, pagámolas do noso bolsillo porque a secretaria nos dixo que era ilegal facelo con cargo ao erario público”. O alcalde, Fernando Suárez, negou tal extremo e explicou que ao tratarse dunha comida institucional está plenamente xustificada.

Menos gastos

Precisamente a diminución de comidas é un dos argumentos

empregados polo tripartito de Santiso como exemplo da “drástica redución de gastos” que están a realizar para superar “a difícil situación económica” e os problemas de solvencia que aseguran ter herdado do goberno anterior. Segundo se deu a coñecer a través dun boletín municipal, no último ano e medio o concello só sufragou a comida das persoas que colaboraron na cabalgata de reis e outras dúas para os maiores e os nenos das escolas. Destacan ademais que conseguiron reducir á metade o gasto de telefonía móbil e que “non se cargou ao concello nin un só euro en quilome-

traxe a pesar de que se fixeron varias saídas a Santiago e á Coruña en coche particular”.

A oposición achega unha visión moi diferente e defende os seus catro anos de xestión amparándose precisamente na Conta Xeral de 2011 e no saldo favorable das arcas municipais. “Pretendedes facerlle crer aos veciños que isto é unha ruína pero os números dannos a razón”, esgrimió Ovidio Leiva, “é certo que había facturas pendentes pero deixamos no banco máis cartos ca facturas”. Pola súa banda, o executivo municipal sinala que aínda están a pagar un préstamo de 200.000 euros solicitado na época de goberno do PP e que ao longo de 2012 fixeron fronte a pagos pendentes por importe de 188.000 euros.



Proquintas
QUÍMICA INDUSTRIAL

Un produto para cada necesidade

HOSTELERÍA E INSTITUCIONES

Desengrasantes. Ambientadores. Deterxentes para vajillas, suelos, paredes, cristales, tapicerías

MANTENIMIENTO INDUSTRIAL

Aceites de corte, taladrinas. Antiproyecciones para soldadura. Decapantes. Imprimaciones. Protecciones antioxidantes. Desblocantes.

AUTOMOCIÓN

Anticongelantes. Champús y ceras de lavado. Desengrasantes de motores. Disolventes para brea y alquitrán.

CONSTRUCCIÓN

Desencofrantes. Plastificantes. Acelerantes. Impermeabilizantes de caucho, silicona

AGROPECUARIA

Deterxentes para circuitos de ordeño o tanques. Raticidas, insecticidas (especial cucarachas)

PISCINAS

Algicidas. Floculantes. Correctores de PH. Limpiadores de cerco. Cloro. Desincrustantes.

CELULOSAS

Manteles, servilletas, toallas, bobinas industriales y domésticas



INFORMACIÓN Y PEDIDOS

TEL: 981.50.57.50

www.proquintas.com

COMPLEMENTOS DIVERSOS

Exterminadores de insectos. Dispensadores de ambientadores e insecticidas. Dosificadores de jabón. Secadores de manos. Mopas, bayetas...

Actuación de Os Melidaos na presentación do seu segundo disco no salón de actos do Real Coro Toxos e Frols de Ferrol



OS MELIDAOS

Avenida de Toques e Friol, 49 - MELIDE

Tlfs: 639 527 400 / 610 515 591

Pousada Chiquitín

Rúa San Antonio, 18 - MELIDE

Campionato de tute



PENSION VILARIÑO



Avda. de Compostela, 16
PALAS DE REI (Lugo)

Tel.: 982 38 01 52
Fax.: 982 38 09 73

pensionvilarino@gmail.com

**1º premio no concurso
de tapas da Festa do Queixo
2012**



	Atópanos en MERCAMELIDE Domingo 17 de febreiro servimos COCIDO (18 euros) Degustación de galeguesas feitas con carne de tenreira da raza Salers (criada en Celanova) (Reservas: 981 507 510 / 615 360 089)	
---	---	---

Ezequiel

eventos privados

Excelentes menús regados con vinos RIOJA

Travesía do Sol, 7 - 15800 MELIDE
Telfs: 981 505 291 - 686 583 378



Comedores privados.
Reservas para grupos.
Comidas y cenas para empresas.
Menú del día (lunes a viernes).



Tfno.: 981 505 325 - Rúa do Convento, 7
15800 MELIDE (A Coruña)
restaurantecasaquinzan@gmail.com

ERUOM viños

XAN GARCÍA MONTERO, comercial

Móvil: 678 543 240

Polígono Industrial do Tambre
 Vía Galileo, 9
 15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 www.eruom.com

Tel. 981 519 999
 Fax. 981 519 191
 comercial@eruom.com

D.O. Ca. Rioja

Allende
 Muga
 Obalo
 Arnegui
 Azpilicueta
 Rioja Bordón
 Ramón Bilbao
 Marqués de Terán
 Marqués de Riscal

D.O. Ribera del Duero

Tarsus
 Prado Rey
 Cruz de Alba
 Condado de Oriza
 Dominio de Atauta
 Pago de los Capellanes

D.O. Rueda

Naia
 Monteblanco

D.O. Ribeiro

Viña Costeira

D.O. Vinos de Madrid

Tagonius

D.O. Somontano

Pirineos

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

Vinos del mundo

Argentina, Australia, Chile

D.O. Navarra

Castillo de Javier
 Palacio de la Vega

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

D.O. Toro

Fariña

V.T. Castilla y León

Dominio DosTares
 Viñas del Cénit

V.T. Castilla

Mano a Mano & Venta
 La Ossa
 Pago del Vicario

D.O. Rías Baixas

Nora
 Lusco
 Veigadares
 Terra D'Ouro
 Viña Sobreira
 Mar de Frades
 Señorío de Sobral

D.O. Valdeorras

Galgueira

D.O. Ribeira Sacra

Pincelo & 1985

Champagne

Perrier Jouët

Aceite ArteOliva

Agua Solán de Cabras

A comarca recibe a festa do Entroido cos brazos abertos

O Este ano caeu cedo e sen darnos case nin tempo para acabar de subir a costa de xaneiro, o Entroido chega á vila con cinco días de festa e a promesa de ofrecer copiosos xantares. O arrecendo do cocido ao lonxe e as últimas puntadas do disface anticipan uns días de troula aos que o departamento de cultura do Concello de Melide se quixo sumar cunha programación pensada para “recuperar, potenciar e divulgar as nosas celebracións máis tradicionais”.

Baixo o lema “A festa facémola todos/as” e un chamamento á participación en pleno da veciñanza, a programación municipal comezará o sábado 9 de febreiro ao son da música tradicional cun pasarrúas que terá saída na Praza do Convento ás 19:30 horas. Quentados os motores, o domingo de Entroido estará dedicado, como xa é habitual, aos máis cativos. A Discoteca Palladium acollerá unha festa infantil a partir das 17:30 con xogos, música, obradoiros e desfile de disfraces.



Gardas civís e ladróns dos vellos tempos no Entroido 2012 en Melide

A xornada grande do Entroido melidense será un ano máis o martes, 12 de febreiro, día festivo local no que as rúas se converterán nun ferreiroiro de cor. O Cantón de San Roque será o punto de partida para un desfile que arrincará ás 17:30 horas con destino ao Pazo de Exposicións e Congresos, onde unha hora máis tarde dará comezo o concurso de disfraces.

As propostas máis orixi-

nais e divertidas terán unha recompensa económica. Entregaranse 2.000 euros en premios coa seguinte distribución por categorías: para as comparsas (agrupacións integradas por máis de 8 persoas) haberá un primeiro premio de 700 euros e un segundo premio de 550. Na categoría de grupos (2-8 persoas) os ganadores recibirán 300 euros e os segundos clasificados 200. Aquelas persoas que partici-

pen a nivel individual optarán a dous premios, un de 150 euros e outro de 100.

A responsabilidade de escoller os mellores disfraces estará nas mans dun xurado integrado por xente vinculada ao mundo da cultura. As persoas interesadas en participar poden inscribirse ata o 11 de febreiro no Concello de Melide. Outra opción é facelo o propio día do concurso no Cantón de San Roque, entre as 16:30 e as 17:00 horas.

Queima do Entroido

Non se pode dar por rematado o Entroido sen organizarlle un bo enterro, algo que en Melide se fai dende vello con gran destreza. A veciñanza collerá as rendas da programación oficial e ás 9 da noite procederase á queima do boneco e descubrirase quen collerá o relevo de Iñaki Urdangarín para desaparecer entre as lapas da Praza das Coles. Tampouco faltará a tradicional lectura do pregón, que fará un repaso do máis acedo polo último ano da actualidade local e nacional.

AXENDA DA TROULA

- Toques -

Sábado de Entroido, a partir das 16:30, festa no Centro Multiusos de Souto. Haberá xogos populares, música, concurso de disfraces e merenda para todos.

- Sobrado -

Festa de disfraces o domingo de Entroido ás 17:00 horas na Praza do Concello. Se chove trasladarase ao pavillón polideportivo.

- Visantoña -

Sábado de Entroido, desfile con saída ás 17:00 horas do centro de saúde e chegada ao local social, onde haberá un concurso de disfraces e outro de filloas e doces de Entroido.

- Arcediago -

Martes de Entroido, festa no pavillón polideportivo ás 18:00 con concurso de disfraces, premios e regalos.



CAFETERÍA - PIZZERÍA

Telf. 981 50 79 06

Avda de Lugo, 25
MELIDE (A Coruña)



Tenda degustación de
queixo e produtos
artesanais de calidade

Rúa San Pedro, 16
MELIDE

Tenda Tf-fax 981 505 723

Queixería tf 981 510 702

Balada - Visantoña

15809 Santiso

xebre@telefonica.net



Tfno./fax: 981 50 62 56

Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)

e-mail: meligraf@empresagalega.eu

Os gaiteiros que cantan xa levan a súa voz polos escenarios galegos

Non pasou moito tempo dende a presentación do seu segundo disco, *Axudádeme a cantar*, e Os Melidaos xa teñen unha basta axenda de concertos coa que cumprir ese seu declarado obxectivo de potenciar a música tradicional e divertir a quen a escoita. A primeira parada produciuse en Ferrol, onde a agrupación foi a encargada de inaugurar o ciclo *Concertos no Toxos*, organizado o pasado mes de xaneiro polo prestixioso Real Coro Toxos e Froles.

Os gaiteiros melidenses cualificaron de “privilexio” o feito de ter actuado na sede do coro decano de Galicia e así llo manifestaron durante o concerto ao seu presidente, Arturo Lamas. Ao mesmo tempo expresaron o “respecto e admiración” que lle profesan aos catro coros históricos galegos, “fontes inesgotables de sabelo” a cuxos arquivos recoñecen recorrer con frecuencia. Rematado o espectáculo, os Melidaos entregáronlle ao presidente de Toxos e Froles un cadro coa imaxe do cruceiro



Os Melidaos tocarán na Festa do Queixo de Arzúa

de Melide. Pola súa parte, os músicos recibiron da man de Arturo Lamas o último disco gravado polo coro ferrolán e varios libros que recollen a historia do coro.

Como espectadores de excepción, atopábanse entre o público varios membros de Airiños Galegos Doce Albor (unha agrupación do País Vasco ben coñecida en Melide), que se desprazaron dende Santurtzi ata Ferrol unicamente para escoitar e ver

aos gaiteiros que cantan. Para eles, como para os músicos tradicionais anónimos aos que Os Melidaos dedican o seu disco, tamén houbo un recoñecemento en forma de aplauso.

O concerto en terras de Ferrol é a primeira de varias actuacións que levarán a Os Melidaos por importantes escenarios da xeografía galega, tal é o caso do Salón Teatro de Compostela. Estarán ademais na Feira do Queixo de Arzúa, en Sada e Oleiros.

O campionato de pesca celebrárase o 6 de abril

A Asociación de Troiteiros “Río Furelos” celebrou o 25 de xaneiro a súa décima asemblea ordinaria para, entre outros asuntos, dar a coñecer o calendario de actividades que se realizarán ao longo do ano 2013. Un dos eventos que xera máis interese entre os afeccionados, o Campionato de Pesca Terra de Melide, celebrárase o día 6 de abril. Será o primeiro dos eventos programados pola asociación, ao que seguirá, o 4 de maio, o Máster de campións a mosca. O 1 de xuño celebrárase unha xornada de pesca e ceiba e para conmemorar o día do socio reservouse o 4 de agosto. Ese mesmo mes, o día 31, comezará as tradicionais xornadas de limpeza do río Furelos, que se estenderán tamén aos días 7 e 14 de setembro.

A maiores, a asociación de troiteiros prevé continuar cos cursos de montaxe de culleiría e moscas, que terán lugar os sábados dos meses de outubro e novembro. Do mesmo xeito participará un ano máis na limpeza simultánea dos leitos fluviais impulsada por Adegas e na campaña “Proxecto Ríos”. O mantemento das sinais do couto dos ríos Furelos e Martagona será outro dos eixos centrais.

Por outra banda, a asemblea aprobou os orzamentos de 2013 e a cota para os 405 socios. As condicións non variarán e seguirán exentos de pago os maiores de 65 anos, os menores de 18 e as persoas que acrediten estar no paro. Os socios terán dereito a tres días de pesca gratis durante a tempada.

Captando os matices dos viños de Agro de Bazán



Casa Quinzán segue sendo o lugar de referencia en Melide para os padais exquisitos. Á boa comida que tradicionalmente serve o restaurante, súmanse agora as cada vez máis frecuentes ceas-catas. A última delas, celebrada no mes de xaneiro, serviu para probar os viños da bodega Agro de

Bazán. Máis concretamente foron seis os caldos que puideron degustar os asistentes: cava Mas de Bazán, tinto Merlot, tinto Syrah, Gran Bazán Ámbar, Gran Bazán Limousin e por último o viño Lambonada, do que só se produce unha edición limitada de 3.000 botellas.

Ticket to Art, ou como conseguir o pasaporte para a viaxe de estudos

Había dúbidas sobre como resultaría a viaxe voando nunha compañía low cost, pero o billete con destino á arte (Ticket to Art) que mercaron os alumnos do instituto e do conservatorio deu bo resultado e trasladou ao público melidense por dúas horas de espectáculo entretido e variado.

Ticket to Art é en realidade o nome do festival organizado polo Departamento de Inglés do IES e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, en Colaboración co Conservatorio e o Concello, co obxectivo de recadar cartos para a viaxe a Londres que realizará o alumnado no mes de marzo.

Precisamente Londres foi un dos principais escenarios recreados neste denominado “experimento pedagóxico” que concentrou catorce actuacións diferentes en galego e inglés. O bilingüismo foi unha das novidades do espectáculo, que



Momento da representación do espectáculo na igrexa parroquial

dende o primeiro momento instou ao público a “abrir as portas para deixar entrar a arte” e onde se conxugou a música clásica, o teatro, a maxia e mesmo os monólogos. A viaxe cara á arte comezou con parada na Alemaña barroca e pezas clásicas de Mozart e Pachelbel. Atravesou os mundos máxicos de Dani Polo

e mesmo se adentrou nos contos para deterse ante unha Carapuchiña vermella falando en inglés. “La vida es bella”, “Hallelujah” ou “El último mohicano” foron tamén outras das estacións.

A próxima volve ser Londres, máis desta volta será real e non imaxinaria. Toca mercar un ticket to knowledge.

JOSÉ MANUEL AYUDE, DIRECTOR DA 'ESCUELA AYUDE'**“O meu desexo é crear en Melide unha Masía con gran variedade de deportes”**

As súas raíces están nas “abarcadas” dos prados e nos combates por unha peseta que case sempre gañaba seu pai estando na mili. El foi quen lle transmitiu o gusto polo deporte e José Manuel Ayude bebeu tan intensamente desa inspiración que acabou por convertelo no motor da súa vida. Agora intenta trasladar toda esa ilusión ás dúas de rapaces e ra-

pazas que forman parte do seu máis recente proxecto como adestrador: a Escuela Ayude, un centro de categoría nunha vila pequena que en cinco anos se converteu nun referente de éxitos deportivos a nivel nacional. Un lugar onde practicar loita, taekwondo, esgrima, kick boxing e tai chi pero, sobre todo, onde medrar en valores. Porque sen valores, non hai deporte.

-Escuela Ayude triunfa en cada competición á que asiste. Como é posible alcanzar tan bos resultados en só cinco anos?

-José M. Ayude (J.M.A.): É unha pregunta que me fai moita xente porque ven nos alumnos unha execución de técnicas e unha cantidade de recursos que os asombran. Se hai un segredo, supoño que está en conectar cos rapaces e transmitirles motivación e interese polo que fan. Iso é algo que non me custa porque me encanta o traballo que realizo. A actitude e a predisposición son fundamentais pero logo tamén hai que ter recursos para aplicar a técnica e aí cada maestrillo ten o seu librillo. Nós aplicamos unha metodoloxía na que os alumnos aprenden sen darse de conta e pasándoo ben. Non os presionamos e a ensinanza vai acorde coas posibilidades de cada un. Todos os nenos son moi capaces e eu sempre digo que non hai alumnos malos, senón profesor incompetente.

-A súa é tamén unha escola de valores?

-J.M.A.: Se non hai valores, non hai deporte. Xa o di o refrán, “en el deporte y en el juego es donde se conoce al caballero”. Competir implica sacrificio, formar parte dun proxecto colectivo e compartir moitas cousas. Ese é o éxito do deporte. Ademais ao participar en campionatos tamén viaxamos e iso non son só quilómetros en autobús, senón tamén coñecer lugares, saber estar nunha mesa, comportarse nun hotel... e sobre todo relacionarse, facer amigos e perder os apegos. En definitiva, trátase de formar persoas e nós temos ese vehículo que é o deporte e que poñemos ao servizo do cidadán. Iso é o importante, o que



José Manuel Ayude (primeiro pola dereita) con algúns alumnos nas termas de Outariz

queda. As medallas son a guinda dun pastel que leva outros moitos ingredientes.

-Que valores inculcan os deportes de combate?

-J.M.A.: O respecto polos demais e, sobre todo, a seguridade nun mesmo, que é algo que non che dan outros deportes. Pensa que es ti só o que se enfronta contra outro e hai que saír con moita seguridade. Isto é algo que axiña notan os pais e que me comentan moitas veces; como os fillos van perdendo medos e ganando confianza. Por outra parte, eu sempre digo que os deportes de combate son para intelixentes. Non queda máis remedio ca selo. Hai que darse de conta que os asaltos duran como moito dous minutos e nese tempo hai que poñer en práctica todo o que aprendiches e ao mellor ter a capacidade de

cambiar de arriba a abaixo o teu planteamento anterior e a estratexia. Require unha velocidade mental de coordinación e unha seguridade na execución tremenda; unha gran capacidade de resposta. Por iso penso que os deportes de combate deberían ser obrigatorios en todos os colexios.

-Semella que este proxecto esixe moito sacrificio persoal.

-J.M.A.: Todo. Para min é unha filosofía de vida. Eu agora mesmo non coñezo a diferenza entre un luns e un domingo, porque fago o mesmo. Cales son as miñas dúas vantaxes? Que me gusta o que fago e que o fago cos meus fillos. Non teño que renunciar á familia para dedicarme a isto. Se non me gustara, o que estamos facendo sería inviable: polo derroche

económico, de tempo, polos medios, por todo...

-Bota de menos algo máis de axuda institucional?

-J.M.A.: O apoio institucional é sempre o mesmo conto: o que paga sempre paga moito e o que cobra sempre cobra pouco. De momento o que hai é moita actitude para que os nenos de Melide teñan acceso a moitos deportes que doutro xeito non terían. Temos tres deportes en categoría nacional, algo pouco usual nunha escola, e podemos presumir de ter nenos que compiten en catro disciplinas e teñen éxito nas catro. Iso non existe en ningún lado; é de libro Guinness. E conseguímo-lo sen recursos, sen medios e case sen instalacións. Necesitamos infraestruturas urxentemente, aínda que eu sempre digo que o importante non é a caixa,

senón as galletas. A idea é non parar e estamos incorporando xa outra disciplina máis, o taekwondo, na que competiremos este ano.

-Ten moitos proxectos en mente?

-J.M.A.: A escola xa está asentada e quero que saia adiante. É un selo de identidade, unha marca a nivel Galicia e España, e aspiro a que Melide sexa un referente deportivo. O meu desexo é crear aquí unha masía, con toda esa variedade de deportes e adestradores. Todo o mundo fala sempre de que hai que facer cousas para os nenos pero esas intencións nunca se materializan. Agora hai unha escola cuns posibles, cun obxectivo e cunha proxección. A idea é que o día de mañá Melide teña oferta para que os nenos poidan escoller o que queren facer. E sería estupendo que o puidesen facer gratis. Con esa intención estou traballando nun programa de bolsas para nenos con menos recursos.

-Onde ten a orixe esta súa paixón polos deportes de combate?

-J.M.A.: Eu estiven vinculado ao mundo do deporte dende pequeno. Crieime no barrio de Monte Alto ao lado do Club del Mar, que era unha cidade deportiva, e alí pasaba os días xogando a todo: natación, bádminton, futbito, baloncesto, balonmán... mesmo fun profesional do hockey sobre patíns e xoguei no Liceo. Pero no transcurso de todo ese tempo eu xa facía deporte de combate e o que me ensinou foi meu pai, que aínda hoxe está nos rexistros da loita tradicional galega. El inculcoume a afección e agora foron os meus fillos os responsables de que me involucrase nisto. A Escuela Ayude débolla a eles.

As túas festas de Entroido están en MELIDE



I c e b e r g

O TEU NOVO PUB
EN MELIDE



FACTORY

DISCOTECA MELIDE

**VIERNES
8
FEBRERO**

**JAVIER
VEIGA**

ENTRADA ANTICIPADA VIERNES Y SABADO EN FACTORY ROOM DE 12:00 A 6:30

**10 € ANTICIPADA 12€ TAQUILLA
APERTURA DE PUERTAS 23:15**

Testemuña do cambio climático na nosa comarca

Xosé Núñez López

O cambio climático no noso planeta pasou de ser algo que non acababan de crer moitas persoas a ser un feito que xa ninguén discute. Pouco a pouco foron aparecendo diante dos nosos ollos exemplos tan evidentes como é o contido da fotografía que acompaña este artigo. Trátase do niño que construíu unha parella de cegoñas hai dous ou tres anos na punta dun carballo situado nun prado entres as aldeas de Amboaxe e Moreda, na parroquia de Ribadulla (Santiso).

Ata entón nunca foran vistas as cegoñas nestas terras do interior rural galego. A parella de aves non só elixiu este lugar para invernar nel, senón que incluso o ano pasado criou un fillo alí ata que, xa coa plumaxe suficiente, se botou a voar con seus pais. Durante o verán pasan longas tempadas sen verse por alí pero cando comezan a baixar as temperaturas volven aparecer, como xa o fixeron este ano hai cousa de dous meses.

Non parece que nos atopenmos nunha situación de “catástrofe climática”, como din algúns medios, pero o



certo é que a Axencia Internacional da Enerxía di que Galicia contribúe en boa medida ao problema climático (en proporción á poboación que ten) e moi pouco á solución do problema. Segundo as derradeiras estatísticas, as emisións dende o noso territorio reducíronse un 6,7% entre o ano 1990 e o 2010 pero no 2011 aumentaron de novo, superando a moitos países desenvolvidos no que a emi-

sión por habitante se refire. A principal fonte de emisións de CO₂ en Galicia é a Central Térmica de As Pontes. Só esta industria emite máis CO₂ ca todos os coches e camións que circulan polas nosas estradas, sendo o sector do transporte o segundo con maiores emisións nocivas. Este cambio climático, segundo publicou algún medio de comunicación recentemente, incluso pode reducir o tamaño dos peixes.

Salmo Gairdneri, a troita Arco da Vella

Asociación de Troiteiros “Río Furelos”

A troita arco da vella é moi parecida á troita común, pero no costado presenta unha banda ancha de cor purpúrea cuberta de manchas escuras menos visibles ca no resto do corpo que lle dá un aspecto moi irisado, sobre todo na primavera. Procedente de Norteamérica, foi introducida en Europa no 1884 e actualmente a súa área de distribución é moi ampla; ocupa toda a península Ibérica e practicamente todo o continente. En moitos casos a súa presenza débese a repoboacións e noutros a fugas de alevíns das piscifactorías.

No seu país de orixe é unha especie anádroma, ao igual que a troita mariña (Reo), polo que vive normalmente no mar e só acode ás augas de alta montaña para reproducirse. Pola contra, a súa conduta en Europa foi variando e gran parte dos exemplares viven permanentemente nas augas continentais e os que emigran ao mar non volven nunca máis aos ríos a desovar. Por este motivo é máis correcto considerar que non se comporta de forma anádroma en Europa. A súa época de reprodución vai de novembro a abril. Para

efectuar o desove a femia fai de 5 a 7 buratos no fondo do río e deposita en cada un deles unha media de 1.000 ovas, que son fecundadas polo espermatozoide do macho. No seu país de orixe, os proxenitores regresan ao mar inmediatamente despois de rematar a freza. En Europa déixanse arrastrar pola corrente ate os puntos medios dos ríos, onde viven. Trátase de áreas reducidas e incluso se di que acostuman a estar sempre nun sitio determinado.

Transcorridos de 30 a 40 días da posta, nacen as pequenas troitas, que miden de 17 a 18 mm. Escóndense en grupos entre as pedras do fondo ata que desaparece por completo o saco vitelino. Entón, cun tamaño duns 23 a 36 mm, xa están en condicións óptimas para poder nadar e alimentarse polos seus propios medios. A troita Arco da Vella, ao igual que outras especies como o salmón, pode reproducirse artificialmente en criadeiros especiais. De feito, a *Salmo Gairdneri* ten unha taxa de crecemento moito máis grande cá troita común e resulta idónea para vender nas peixerías e supermercados.

Nos últimos tempos estamos asistindo a unha serie de sucesos que están convulsionando as estruturas do estado e cada vez máis afondan na desconfianza dos cidadáns nos políticos en particular e no sistema en xeral. Cando non é dun lado é do outro. Todos os días asistimos a episodios nos que os políticos están baixo sospeita por corrupción. Quizais sexa algo que estaba latente no ambiente, que todos sabíamos e que unicamente era cuestión de tempo que comezara a facerse público. Se ben é certo que os políticos ou, mellor dito, os que se dedican á política non son todos iguais, tampouco parece innegable que alí onde existe un sistema político como o noso a corrupción é algo á que se tende.

A corrupción non entende de partidos, nin de persoas nin de condicións. A corrupción quizais se alente como a me-

llor maneira de actuar en política ata que un comeza a estar baixo as miradas dos xuíces e vota a vista atrás e quizais bote tamén as mans á cabeza. É tan repetitiva esta historia que para as persoas de todos os días, é dicir, para aquilo que se denomina pobo, a corrupción é algo que está presente na nosa sociedade e coa que se ten que convivir nun estado de apatía que moitas veces nos leva incluso á hipocrisía do vello dito: “fai o que eu che diga e non o que eu faga”.

A opinión sobre a corrupción no Estado Español xa superou as barreiras estatais. De feito, cando un se reúne con colegas estranxeiros sempre sae a colación o tema da corrupción en España e é curioso que exista a sensación

de portas para fóra que aquí as persoas quedan impunes. Non pasa nada!

Esta mesma sensación das persoas alleas, incluso algunha delas nunca estivo por estas terras, tamén existe entre nós. Todos os días podemos oír a colegas, familiares, veciños e amigos dicir que aquí hai impunidade, que por apropiarse indebidamente de grandes cantidades de cartos públicos unicamente se vai á cadea uns meses ou ningún e, en cambio, por roubar para comer es condenado. Quizais feitos como os da nai que roubou para alimentar aos seus fillos e foi condenada a pena de cárcere menoscaben aínda máis a nosa confianza no sistema. Non se trata de que esta persoa deba quedar impune, máis

neste caso as comparacións deixan de ser odiosas.

O curioso do tema da corrupción é que as persoas non culpan da situación ao poder xudicial. É dicir, non se pensa naqueles que impoñen as penas como os culpables da situación. A confianza en xuíces e fiscais parece intacta ou, polo menos, non tan danada como a dos políticos. Moitas persoas expresan que os xuíces non dan feito con todo, que sería preciso máis persoas para exercer control. Quizais deberíamos deixar de comezar a casa polo tellado e unha boa idea sexa pensar en ir mudando o sistema para que o control interno xa sexa un ideario de partida, é dicir, que se motiven as persoas cara a participación nas estruturas

públicas e se exerza así un control con maiores garantías.

Nos últimos tempos púxose de moda o debate sobre a famosa regulación da xustiza. Pois resulta que as taxas xudiciais deron un xiro tan significativo que aqueles con menos recursos poden quedar sen acceso á mediación da xustiza, ben nun conflito ou no acceso á reivindicación dos seus dereitos, porque a inversión pode ser tan elevada que non mereza a pena nin tan sequera intentalo. O triste parece ser novamente a hipocrisía do asunto, posto que se alentan as vellas pantasma das solucións mediante o ollo por ollo porque o acceso a un mediador vai quedar excesivamente lonxe e ao alcance duns poucos. Unicamente cabe esperar que as inxustizas non queden sen amparo por falta de cartos e outros non se defendan a conta do noso traballo.

Basta xa de hipocrisías!

Santiago Prado Conde (Chago), antropólogo

ROSA BARRIO CABADO, LEIVA MOTOSPORT

“Mercar nunha tenda especializada é unha garantía de calidade para o cliente”

Recoñece que a actividade comercial e o mundo das motos e das bicicletas forman parte da súa vida dende pequena. Por iso cando chegou o momento colleu as rendas do negocio familiar con total naturalidade e o convencemento de que estaba a facer o que levaba tempo desexando.

Dese xeito, dende hai catro anos, Rosa Barrio converteuse no rostro de Leiva Motosport, unha tenda de longo percorrido que naceu en 1930 como xoiería e relojería, que logo se especializou nos vehículos de dúas rodas e que agora ofrece tamén unha ampla variedade de artigos deportivos.

-Asegura ter collido as rendas do negocio familiar dun xeito natural. Non meditou a decisión?

- Rosa Barrio. (R.B.): Foi unha conxunción de varios factores. A min sempre me gustou este mundo e tíveno bastante claro dende pequena. De feito, se ao rematar o colexio me dixeran de ir para a tenda, xa iría daquela encantada. Naquel momento seguíu estudando e fixen unha carreira porque a formación é necesaria e nunca sabes as voltas que dá a vida, pero sempre me sentín cómoda no negocio. Despois é certo que chega un momento no que tes que decidir se te queres dedicar realmente a isto. No meu caso foi fácil porque me gusta ser unha persoa autónoma que toma as súas propias decisións.

-E decidiu darlle un novo enfoque á tenda en canto se puxo á fronte. Por que?

- R.B.: As formas de negocio van cambiando e a tenda tamén. Cando meu avó comezou con isto, no ano 1930, dedicábase á xoiería e á relojería. Logo comezou a alugar bicicletas e incluso chegou a vender aparatos de radio e máquinas de coser. Con meu pai o negocio especializouse na venda e reparación de bicis e motos. Agora, tendo en conta que a práctica do deporte está en auge, decidín engadir os artigos deportivos. Hai que evolucionar e adaptarse ao que o cliente vai demandando en cada momento.

-Cales son os artigos que incorporou á nova tenda?

- R.B.: Basicamente roupa e calzado deportivo; dende unhas zapatillas ou un chándal ata parcas, mochilas, calcetíns, camisetas... tamén incorporamos os aparatos de exercicio



Rosa Barrio leva catro anos á fronte da nova tenda de Leiva Motosport, na Ronda da Coruña

e recuperamos os coches de batería para nenos. Ademais reforzamos todo o referido aos equipamentos para ciclistas e motoristas: maillots, culottes, cascos, botas... Con todo, a base da tenda seguen sendo as bicicletas e as motos e conservamos o servizo de reparación que sempre tivemos.

-Que tipo de bicicletas podemos atopar en Leiva Motosport?

- R.B.: Un amplo abano, dende as bicicletas para nenos e nenas que acaban de aprender a montar ata bicicletas para profesionais con dobre suspensión ou cadros de carbono. Temos oferta para todos os públicos e todos os petos porque depende do que queira investir cada quen e do uso que se lle vaia dar. Non é o mesmo mercar unha bicicleta

para dar uns paseos por Melide ca mercala para facer cross ou botarse á estrada e andar quilómetros.

-Canto pode custar unha boa bicicleta?

- R.B.: Se vas ás mellores podes gastar entre 3.000 e 6.000 euros. Son poucos os clientes que se decantan por este tipo de bicicletas pero, sen chegar a prezos tan elevados, o certo é que a maioría quere mercar unha cousa xeitosa. Por iso optan por bicicletas con cadros de aluminio, suspensión con bloqueo e freo de discos. Menos diso xa case ninguén as quere. Mercar nunha tenda especializada como Leiva Motosport é unha garantía de calidade, porque hainas que teñen aparencia de bicicleta pero logo o funcionamento deixa moito que desexar...

-O mundo do ciclismo tamén segue a moda?

- R.B.: Neste caso a moda refírese máis aos avances técnicos que se van incorporando e que a xente demanda. Todos os anos se sacan coleccións con novos deseños aínda que se manteñen os tipos de bicicleta: as de estrada, as de cidade e as de montaña, con rodas de 27,5 e 29 pulgadas. Logo tamén están as de neno e por outra banda as eléctricas, que son de aparición máis recente. A moda no mundo da bicicleta non se pode comparar co do téxtil; evoluciona a outro ritmo distinto.

-Hai afección ao ciclismo e ao motociclismo na comarca de Melide?

- R.B.: En Melide hai moita afección polo motor, sobre todo entre a xente nova. No

“Temos oferta de bicicletas para todos os públicos, dende nenos pequenos ata profesionais”

“Agora tamén traballamos os artigos deportivos e os aparatos para facer exercicio”

caso dos rapaces parece que xa o levan nos xenes. Antes en canto podían sacar a licenza de ciclomotor xa mercaban un. Agora coas novas normas de tráfico ese mesmo perfil de cliente cambia o ciclomotor por unha moto de 125 cc. Con respecto ao ciclismo é diferente. Hai clientes que o practican a cotío pero a maioría fano por lecer e saen en función do clima.

-Como vai a campaña de saldos?

- R.B.: Estamos aplicando rebaixas de entre o 30% e o 50% no téxtil e no calzado. Agora mesmo tamén temos promocións en bicicletas, procurando ofrecer distintas vantaxes para o cliente ao longo de todo o ano, como poden ser os vales desconto para unha segunda compra.

Vinoteca **A boa Viña** ZONA DOS VIÑOS **MELIDE**

LUNS 11
febreiro
a partir das 7 da tarde

2ª festa da filloa á pedra
Con FILLOAS GRATIS para todos.
Ata altas horas da madrugada

2013 ENTROIDO

degustación de Cruz de Alba
Ribera del Duero - Crianza:

Terraza exterior con calefactores




Vinoteca **A boa Viña** ZONA DOS VIÑOS **MELIDE**

VENRES 8
FEBREIRO
a partir das 8 da tarde

festa do lacón

cata degustación BECQUER Rioja 2009

As 12:30 da noite **SORTEO** de DUAS ENTRADAS para o **DEPORTIVO vs GRANADA** en Riazor, 9-2-2013, ás 10 da noite.

HABERÁ TAPAS TÍPICAS DO ENTROIDO: ORELLAS, CHOURIZOS, LACÓN E FILLOAS GRATIS A FARTAR

venres 8 febreiro
Degustación Gin

SORTEO DE: 100€

ginsell.

sábado 9 febreiro

Festa de DISFRACES Festa **Havana Club** con coctelero

luns 11 febreiro

SORTEO DE: 300€ Festa presentación **VITAMINA Q+** - Degustación GRATIS -






ENTROIDO 2013

SOMOS OS LOCAIS DE REFERENCIA EN MELIDE!!